

Antigüidade

01/15



HIPARQUÍA

(Tracia, S. IV a.C.)

Procedente dunha familia nobre e adifeirada de Meronea. Foi a única muller filósofa cínica da antigüidade, doutrina que compartiu có seu irmán Metrocles e co seu home Crates. Ante o impedimento da súa familia de querer casar con Crates de Tebas, ameazou con suicidarse. Crates intentou disuadila, amosándolle os seus defectos físicos (era chepudo), pero Hiparchia, namorada, fuxiu e casou con el para compartir xuntos o peculiar modo de vida da escola cínica.



Safo de LESBOS

(Isla de Lesbos, 612 - 548 a.C.)

Foi unha muller valente de ideoloxía moi aberta que xa dende a súa xuventude se encargou do negocio familiar e se introduciu no mundo da política. Tras un exilio no que casou e concibiu unha filla, regresou a Lesbos, xa viúva, para fundar alí unha escola na que ensinaría arte, danza, canto e literatura a un grupo de mulleres xoves; con algunhas mantiña relacións sentimentais. Deste feito deriva o termo Lesbianismo.



Erina de TELOS

(Telos, S. IV a.C.)

Pertenceu a unha especie de culto relixioso moi estrito, que a mantiña recluída e lle permitían escasas relacións sociais. Probablemente só tivo como amiga a Baucis, polo que cando coñeceu o seu falecemento perdeu o norte e escribiu o poema que que a inmortalizou chamado "A roca".



Corina de TANAGRA

(Tanagra, S. V a.C.)

Pouca é a información que hai sobre a súa vida, xa que hai autores que a sitúan ó redor do século V a.C. (sendo entón contemporánea do poeta Píndaro) e outros no século III a.C., cando comezou a ortografía beocia. Destaca precisamente pola singularidade do seu dialecto beocio.



PRAXILLA

(Sición, S. V a.C.)

Foi moi apreciada na súa época, mostra diso é que Lisipo lle fixo unha estatua de bronce. Ademais encontrouse un floreiro coas primeiras catro palabras dun poema escrito por ela. Escribiu enxeñosas cancións de taberna (Scolia), himnos e ditirambos (cancións para bailar) sobre os amores dos deuses e dos heroes.



Diotima de MANTINEA

(Mantinea, S. V a.C.)

Foi filósofa, vidente, terapeuta, ademais de sacerdotisa do deus Apolo. Platón en "O banquete" refire que Sócrates a coñeceu en Atenas no ano 440 a. C., despois de oficiar unha efectiva cerimonia de purificación convidada por Pericles, pois a cidade sufría unha epidemia de peste bubónica que duraba xa 10 anos.



Eumetis de LINDOS

(Lindos, 550 a.C.)

Foi unha das fillas de Cleóbulo de Lindos, un dos sete sabios de Grecia, que consideraba que as mulleres debían ter tamén acceso á educación, polo que coidou con esmero a formación da súa filla. Era unha recoñecida compositora de adiviñas e de enigmas.



Nossis de LOCRIS

(Locris, 310 a.C.)

Considerada unha das doce Musas. Consérvanse doce poemas de temática amorosa recompilados nos Analecta de Brunck. Deixa ver a súa admiración por Safo e amosa a interioridade do mundo da muller. Ademais dedica poemas ao templo de Hera, á súa nai e a súa avoa, a Afrodita.



Ánite de TEGEA

(Tegea, S. III a.C.)

É considerada a versión feminina de Homero e situada á altura de Praxila, Muro e Safo polas súas calidades para escribir poemas líricos. Só se conservan algúns fragmentos das súas poesías en Antoloxía grega (escritos en dialecto dórico), composta pola Antoloxía palatina, o Apéndice de Planudes e outro apéndice máis. É posible que Ánite dirixise unha escola de poesía e literatura no Peloponeso, na que Leónidas de Tarento fora o seu alumno.



BAN ZHAO

(Fufeng, 45 - 116)

Filla de Ban Biao, famoso historiador, pertencía a unha familia de nobres intelectuais e influíntes. Xunto co seu irmán Ban Gu continuou o traballo histórico iniciado polo seu pai no Libro de Han, primeira biografía da dinastía reinante. A pesar de ser muller, Ban Zhao tivo á súa disposición numerosas obras históricas, filosóficas e científicas. Dominou outros campos como astronomía, xeografía, historia, filosofía, sendo respectada pola súa gran sabedoría.



ITI

(Exipto, 2450 a.C.)

Posiblemente foi a primeira muller relacionada coa música da que temos noticia. Esta cantante exipcia é a primeira compositora que rexistra a historia.



Jamila

(720 a.C.)

Muller árabe que ó redor do ano 720 dirixiu a primeira orquestra formada por 50 mulleres. Adoitaban alegrar coa súa música os camiños que llevaban de Medina a La Meca.



AGONÓDICE

(Atenas, S. IV a.C.)

Médica grega. Como a medicina lles estaba prohibida ás mulleres, disfrazouse de home para poder estudala e exercela. Nada na alta sociedade ateniense e animada polo seu pai, cortou o cabelo e vestiuse de home para poder asistir ás clases, especialmente ás do célebre médico Herófilo.



Aspasia de MILETO

(Mileto, 470 a.C. - Atenas, 400 a.C.)

A súa vida pública foi relevante a partir da súa relación con Pericles, con quen tivo unha relación amorosa moi forte. O seu dominio da retórica e a súa capacidade de rodearse dos máis ilustres da época, convertérona nunha muller moi admirada e famosa en Grecia.



Cornelia AFRICANA

(Mileto, 180 - 110 a.C.)

Muller culta, inculcou nos seus fillos as ideas humanísticas helenísticas que apoiaban ás clases populares e o amor aos demais. Desprezaba a ostentación do luxo, e refería os fillos como as súas mellores alfaías: Velaquí as miñas xoias. Retirouse a unha vila afastada de Roma onde se dedicou ao estudo da filosofía.



Aesaria de LUCANA

(Lucania, Magna Grecia. S. III a.C.)

Na escola pitagórica había cerca de trinta mulleres, estudantes e mestras; ela foi unha das últimas alumnas. Dedicábanse ao estudo da ciencia matemática. Todos os traballos que se producían, considerábanse de propiedade común, permitíaselles ás mulleres acceder á corrente filosófica e matemática do momento, aínda que non podían tomar parte na vida política. O seus estudos incluían: xeometría, aritmética, música, pero sobre todo resaltaban os referentes á harmonía cósmica. Escribiu sobre a natureza humana, onde reflexiona acerca dos principios éticos, a lei e a xustiza.



Teano de COTRONA

(Cotrone, Grecia S. VI, a.C.)

Discípula de Pitágoras. A primeira muller matemática, aínda que o seu coñecemento ramificouse por outras disciplinas coma a astronomía e a medicina. Filla de Milón, un patricio rico que dedicaba parte da súa fortuna ao mecenado das artes e das ciencias, quixo que a súa filla se instruíra e aprendera a ciencia matemática. Demostrou ter aptitudes e ganas de aprender polo que ao pouco tempo pasou a ocupar un lugar como mestra. Namorou a Pitágoras e converteuse na súa esposa.



AGLAONIKE

(Grecia, S. V a.C.)

Atribúeselle o coñecemento do ano cíclico luar, o Saros. A primeira astrónoma europea de acordo coas referencias de autores contemporáneos como Plutarco e Apolonio de Rodas. Filla de Hegetor. Viviu en Tesalia. Estudou astronomía en Mesopotamia. Autora de tratados e mestra de ciencias naturais e fenómenos celestes.



En' HEDUANNA

(Babilonia, 2300 a.C. - Babilonia, 2225 a.C.)

Filla do rei Sargon I, rei de Agade. Primeira muller astrónoma da que se ten constancia. O seu pai nomeouna sacerdotisa maior do templo de Nanna, deus sumerio da lúa, na cidade de Ur para que a familia real puidese controlar o poder relixioso. Única persoa que podía ditar novas leis en Babilonia, nomear altos cargos e controlar os excedentes de cereais almacenados no templo.



KORA

(Grecia, S. VII a.C.)

O escritor grego Plinio el Viejo conta no súa "Historia Natural" que a invención da pintura se debe a unha muller, a Kora, filla dun oleiro, Butades Sicyonius (século VII ou VIII a.C.), que, vendo marchar ao seu amado á guerra, pintou a sombra do seu perfil nun muro. Di tamén que posteriormente o pai pasou o debuxo a unha baldosa que se conservou exposta na cidade ata a invasión romana, cando Lucius Mummius saqueou a cidade.



Iaia de KYZICOS

(Roma, S. I a.C.)

Pintora italiana afamada en Roma como retratista e tallista de marfís, sendo as súas obras mellor remuneradas que as dos seus compañeiros. Coñecemos a súa traxectoria a través do historiador Plinio el Viejo (Como, 23 d. C - Estabio, 24 de agosto do ano 79), posto que se refería a ela en Historia Natural, onde refire que era moi cobizada para retratar as mulleres patricias. Este texto acompañaase dun fresco da época, achado en escavacións das casas e pazos de Pompeya.



FRINÉ

(Tespías, 328 a.C.)

É o alcume dunha famosa hetera grega célebre pola súa beleza, nacida co nome Mnésareté que significa 'conmemoradora da virtude'. Era a amante e musa favorita de Praxíteles, quen se inspirou nela para a creación de varias esculturas da deusa Afrodita.

COA COLABORACIÓN DO ALUMNADO:

Pedagogía da Expresión Musical de 4º de Educación Infantil, profesora **Rocío CHAO FERNÁNDEZ**, Matemáticas na Vida de 4º de Educación Infantil, profesora **Mª Dorinda MATO VÁZQUEZ** e Didáctica da Expresión Plástica 3º de Educación Infantil, profesores **José Mª MESÍAS LEMA** e **Roberto SUÁREZ BRANDARIZ**

Idade Media: S.V-XV

02/15

**DHUODA***(España, 803 - 843)*

Filla do duque de Gascuña, Sancho I López, e Aznárez de Aragón, recibiu unha exquisita educación aprendendo a ler e escribir en latín. No ano 841 escribiu un manual de conduta dedicado ao seu fillo maior, chamado *Liber Manualis* (841-43), onde reflexionou sobre a vida, sobre o seu sentido e como vivila, á vez que lle ofrecía ao fillo normas de conduta ética e moral. Constitúe, polo tanto, o primeiro tratado pedagóxico da Idade Media achegándonos ás regras educativas e teolóxicas daqueles tempos.

**Murasaki SHIKIBU***(Kyoto, Japón, 978 - 1014)*

A súa obra máis importante foi *El relato de Genji*, clásico da literatura xaponesa e unha das primeiras novelas psicolóxicas. Nela plasmaba a decadencia da sociedade que relegou á muller a un segundo plano. A súa obra converteuna en dama de compañía na corte da emperatriz Akiko no ano 1013.

**Beatriz de NAZARET***(Tirlemont, 1200 - 1268)*

Monxa cisterciense. Alumna exemplar ao rematar os estudos do trivium (gramática, retórica e dialéctica) e quadrivium (música, aritmética, xeografía e astronomía), escribiu un libro en neerlandés chamado *Sete maneiras de amor*, no que narra xerarquicamente as sete maneiras de amar a Deus a través das súas experiencias místicas para chegar ao que ela describe como "Amor sublime". Trátase dunha obra de gran sinxeleza e beleza, que a sitúa á altura das grandes mulleres relixiosas da Idade Media.

**Anna COMMENO***(Constantinopla, 1083 - 1153)*

Princesa bizantina primoxénita do emperador Alejo I Comneno e a emperatriz Irene Ducas. Recibiu unha ampla formación en literatura, xeografía e historia converténdose nunha moza sabia e erudita. Foi condenada a renunciar ás súas propiedades e a marchar exiliada a un mosteiro, onde continuou os seus estudos e iniciou unha ampla historia sobre o reinado do seu pai, *A Alexiada* (1148). Anna, ao longo de 15 tomos describiu máis de 30 anos da historia de Bizancio e da súa relación con occidente.

**Matilde de MAGDEBURGO***(Magdeburgo, 1207 - Sajonia, 1282)*

Naceu no seo dunha familia acomodada que lle inculcou unha exquisita educación. Con 12 anos tivo as súas primeiras visións, polo que se uniu ás beguinas de Magdeburgo coas que viviu durante 40 anos. Relatou as súas experiencias místicas nun precioso libro, o *Cantar dos cantares*, no que xunta poesía e narrativa e a través de figuras alegóricas como Amor, Alma ou Fidelidade, relata a súa relación con Deus. Converteu o convento de Helfta nun dos centros máis famosos do misticismo medieval feminino.

**Cristina de PISÁN***(Venecia, 1364 - 1430)*

Foi a primeira escritora profesional en Europa. A súa produción literaria foi moi extensa entre 1393 e 1412, chegando a escribir máis de trescentas baladas e innumerables poemas curtos. A súas obras máis importantes: *O libro da cidade das damas*, *O tesouro da cidade das damas*, y *O libro das tres virtudes*. No 1429, xa retirada, rematou o seu derradeiro libro *A historia de Juana de Arco*.

**KASSIA***(Constantinopla, 810 - 867)*

Referida como "Santa Kassiana", unha das primeiras compositoras das que se conservan as súas obras, das cales 50 son interpretadas por músicos actuais. É a única muller mencionada no catálogo de himnario compilado por Kallistos no Século XIV e a única incluída na cuberta dun Triodion.

**Hildegard von BINGEN***(Bernersheim, 1098 - Rupertsberg, 1179)*

Escritora e compositora alemá. Escribiu nove libros no convento, un deles moi importante para a medicina, polo achegamento á ciencia de curar dende a perspectiva holística, incluíndo coñecementos de botánica e de bioloxía. Escribiu música gregoriana, setenta e sete cancións e unha ópera.

**Leonor de AQUITANIA***(Poitiers, 1122 - Anjou, 1204)*

Neta de Guillermo IX duque de Aquitania (cronoloxicamente o primeiro dos nosos trobadores, e un dos máis orixinais). Converteuse en Raíña de Francia ao casar en primeiras nupcias con Luís VII de Francia, pero despois de declararse nulo o matrimonio, casou con Enrique II, quen a levou ao trono de Inglaterra. Foron pais de Ricardo Corazón de León. O seu grande talento musical, á vez que a súa atracción pola arte dos trobadores do sur de Francia foi evidente dende moi temperá idade, o que a converteu nunha das primeiras mulleres trobadoras da historia, á vez que mecenas incondicional destes artistas.

**Beatriz de DÍA***(Finais S.XII - mediados S. XIII)*

Trobadora provenzal de fermosa beleza. Coñécese tres obras da súa autoría: *Ab joi et ab joven m'apai*, *Estat ai en greu cossirier* e *A chanter m'er de so q'ieu non volria*. Esta última é a única canción trobadoresca composta por unha muller que se conserva intacta.

**Azalais de PORCARAIGUES***(Montpellier, 1135 - 1179)*

É coñecida como a primeira trobadora, pese a que só se conserva unha obra súa de 52 versos: *Ar em al freit temps vengut*. Dedicada moitas das súas trobas a Gui Guerrejat (irmán de Guillermo VII de Montpellier), de quen estaba namorada. Probablemente, a única que se conserva está dedicada a el, aínda que existen estudosos que creen que o seu verdadeiro amor era o trobador Raimbaut d'Aurenga (que dedica a Azalais máis dunha decena de cancións), e que a obra está escrita tras a morte deste, en 1173.

**CASTELLOZA***(S. XII)*

Esposa de Turc de Mairona, viviu a principios do século XIII. Escribiu varias poesías e cancións dedicadas a Arman de Brion do cal estaba namorada aínda que tiña un status social maior ca ela. As catro cancións súas que se conservan convértena, xunto con Beatriz de Día, nunha das trovairitz máis prolíficas. Os temas das súas obras tratan do seu amor imposible no ton habitual do amor cortés.

**María PÉREZ, a BALTEIRA***(Coirós, S. XIII)*

Trobadora galega. Destaca por ser a mellor das "soldadeiras" (muller que tiña o oficio de bailar e cantar na corte, traballo polo cal recibía unha soldada como pago) da corte de Alfonso X O Sabio. A pesares de ser fidalga, elixiu este oficio, co que forxou unha fama de muller irresistible e immoral. Converteuse en musa de trobadores como se pode apreciar nas quince cantigas de escarnio dedicadas a ela escritas por trobadores diferentes, entre os que cabe destacar Pedro Amigo de Sevilla, Pero da Ponte e Alfonso X.

**Alessandra GILIANI***(Italia, 1307 - 1326)*

Primeira muller anatomista do mundo occidental. Especializouse nas diseccións e levou a cabo as súas propias investigacións anatómicas. Desenvolveu a técnica de inxectar líquido nos vasos sanguíneos extraendo sangue das arterias e venas dos cadáveres e enchéndoa con tinguiduras de cor que se solidificaban. Tivo o recoñecemento dos seus contemporáneos, colocando varias placas conmemorativas en varios lugares.

**Trótula de SALERNO***(Salerno, 1090 - 1160)*

Primeira estudante e logo mestra da Escola Médica Salernitana. Os seus libros céntranse nos problemas médicos das mulleres, escribindo o máis célebre tratado de Obstetricia e Xinecoloxía da Idade Media, "Trótula Maior". As súas teorías médicas foron incrivelmente avanzadas e seguidas durante moitos anos en toda Europa. Describe diversas técnicas cirúrxicas e tratados dan normas sobre os lactantes e o coidado do neno nos primeiros meses de vida.

**Hipatia de ALEXANDRÍA***(Alejandría, 370 - 415)*

Muller matemática, filósofa e astrónoma de importancia internacional. Contribuíu ao enriquecemento cultural da cidade exipcia, e foi a primeira muller en impartir leccións maxistrais neste recinto. Dirixiu o museo de Alexandría e impartiu leccións de filosofía, matemáticas, lóxica, mecánica e astronomía. Traballou sobre escritos relacionados coas ecuacións diofánticas, sobre as cónicas e a xeometría, e elaborou táboas sobre o movemento dos astros. Contribuíu tamén á creación de aparatos como o aerómetro e o astrolabio. Era unha defensora do heliocentrismo e da muller.

**ENDE***(España, S. X)*


Ende é unha monxa e artista iluminadora de manuscritos castelás que traballou nun mosteiro no século X, de cuxos traballos hai 24 copias coñecidas con ilustracións. A firma da denominada primeira pintora de Europa aparece no Beato situado na Catedral de Xirona, pero quizais tamén nalgún outro códice. Os manuscritos foron creados nun mosteiro, nas montañas de León, ao noroeste de España.

**Herrada de LANDSBERG***(Hohenburg, 1130 - 1195)*

Foi unha monxa alsaciana e abadesa da abadía de Hohenburg nos montes Vosgos. É coñecida principalmente por ser a autora da enciclopedia pictórica Hortus deliciarum (O Xardín das delicias). Nesta obra Herrada detalla a batalla entre a Virtude e o Vicio con imaxes visuais especialmente vividas que preceden aos textos.

COA COLABORACIÓN DO ALUMNADO:

Pedagogía da Expresión Musical de 4º de Educación Infantil, profesora Rocío CHAO FERNÁNDEZ, Matemáticas na Vida de 4º de Educación Infantil, profesora Mª Dorinda MATO VÁZQUEZ e Didáctica da Expresión Plástica 3º de Educación Infantil, profesores José Mª MESÍAS LEMA e Roberto SUÁREZ BRANDARIZ

Oficina para a Igualdade de Xénero
Vicerreitoría do campus de Ferrol
e Responsabilidade Social
UNIVERSIDADE DA CORUÑA**UNIÓN EUROPEA****Fondo Social Europeo***"O FSE inviste no teu futuro"***XUNTA DE GALICIA**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Da Igualdade

Comisión de cultura

Facultade CC. da Educación
Departamento de Composición
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Renacimiento: S. XV-XVI

03/15

**Isotta NOGAROLA***(Verona, 1418 - 1466)*

Ó contrario que a súa irmá, decidiu vivir célibe para poder dedicarse plenamente ó estudo e á erudición. Pronto empezou a coñecerse o seu labor intelectual, pero o prestixio, a fama e a intelixencia de Isotta non gustou ós sabios italianos, que non dubidaron en rexeitala.

**Beatriz GALINDO, la "LATINA"***(Salamanca, 1465 - Madrid, 1534)*

Escritora e humanista, preceptora da raíña Isabel a Católica e os seus fillos. Unha das mulleres máis cultas da súa época. Escribía poesía en latín; falaba e traducía textos clásicos latinos. Débeselle a fundación do hospital da Latina (1506) e do convento da Concepción Xerónimo en Madrid (ó que legou a súa biblioteca).

**Victoria COLONNA***(Marino, 1490 - Roma, 1547)*

Poetisa e influente intelectual do Renacemento italiano. A súa obra literaria comprende poemas de amor, dedicados ó seu marido, as *Rimas*, subdivididas en *Rimas amorosas* e *Rimas espirituais*, inspiradas no estilo de Francesco Petrarca, e composicións en prosa de tema relixioso, entre as que se atopan o *Pianto sulla passione di Cristo*.

**Tullia d'ARAGONA***(Roma, 1510 - 1556)*

Foi unha muller culta e con gran talento para a poesía. A súa obra está formada por unha proliza produción poética coa que deleitaba os salóns literarios. Tamén escribiu unha obra filosófica, *Dialogo della Infinità di Amore*, publicada por primeira vez en Florencia en 1547. Esta obra baseábase nas disquisicións sobre o amor e a beleza desenvolvidos no *Banquete* de Platón. Pero Tullia deu un xiro ás ideas platónicas do amor, ó considerar que se debía conceder máis valor non ó que ama, senón á persoa amada.

**Santa Teresa de JESÚS***(Ávila, 1515 - Alba de Tormes, 1582)*

Foi unha muller emprendedora e valente que soubo defender, nun mundo dominado polos homes, o dereito de toda muller a desenvolver a súa propia personalidade, a súa propia ideoloxía e levar a cabo os seus obxectivos e metas. Santa Teresa de Jesús cultivou a poesía lírico-relixiosa. Escribiu poesías, relatos breves e tamén 409 cartas (publicadas en distintos epistolarios), todos eles traducidos a varios idiomas. Entre as obras máis importantes cabe salientar *Camino de perfección* (1562-1564), *Conceptos del amor de Dios*, *Castillo interior* e *Las moradas*.

**Ana BOLENA***(Norfolk, 1507 - Londres, 1536)*

Tiña unha grande facilidade para tocar instrumentos, bailar e declamar, chegando incluso a compoñer algunhas melodías para voz e laúde. A ela se lle atribúe (non sen algunha dúbida por parte dalgúns musicólogos) a popular canción *Deathe rocke me asleepe* (A morte acúname mentres durmo). Os versos desta canción refírense á súa inminente morte (é posible que foran escritos durante os últimos meses da súa vida) e son conmovedores.

**Maddalena CASULANA***(Casola d'Elsa, 1544 - 1590)*


Foi a primeira muller que viu publicada a súa obra. O seu primeiro traballo, formado por catro madrigais é *Il Desiderio -O desexo-* (editado en Florencia en 1566 xunto con obras de Rore e Lassus). Posiblemente coñeceu a Isabel de Médicis, a quen dedicou algunha obra e á que dirixe a seguinte cita no seu primeiro libro de madrigais: "Desexo mostrar ó mundo, tanto como poida nesta profesión musical, a errónea vaedade de que só os homes posúen os dons da arte e o intelecto, e de que estes dons nunca lles son dados ás mulleres"

**Rafaella ALEOTTI***(Ferrara, 1570 - 1646)*

Filla dun dos arquitectos da corte do duque de Ferrara, é a irmá maior de Vittoria. Estudou clavicémbalo e composición. Ambas irmás fundaron o grupo vocal e instrumental "Concerto grande", formado por máis de 23 músicos (voces, laúdes, cornetas, trombóns e clavicémbalo). Rafaella asumiu a dirección do mesmo e gozaron de gran prestixio, chegando a actuar ante o Papa Clemente VII e a Raíña de España, que pretendeu que Rafaella se trasladara a este país para converterse na súa organista particular.

**Elena CÉSPEDES***(Alhama de Granada, 1546 - 1588)*

Terminada a guerra, en 1570, instalouse en Madrid onde coñeceu a un cirurxián co que fixo amizade e lle ensinou a coser e curar enfermos. Traballou nun hospital da Corte ata que a súa fama chegou a oídos do rei Felipe II. A súa reputación foi a envexa doutros médicos que o acusaron de intrusismo, marchou a Cuenca e conseguiu a licenza de cirurxián do Protomedicato. Converteuse así na primeira muller en conseguila en España. Tiña libros de cirurxía, coñecementos de latín e aprobou con relativa celeridade os exames

**Luisa Olivia SABUCO de NANTES***(Albacete, 1562 - ¿?)*

Escribiu *Nova Filosofía da Natureza do Home, non coñecida nin alcanzada polos grandes Filósofos antigos, que mellora a Vida e a Saúde humana*. De gran éxito, publicáronse numerosas edicións integras. Pretende renovar a Medicina e a Fisioloxía. Considera a estreita vinculación entre a mente e o corpo, e a musicoterapia e hixienización contribúen a curar ós enfermos.

**Tarquinia MOLZA***(Knudstrup, 1542 - Elsinor, 1617)*

Poeta e filósofa; neta do poeta Francesco Maria Molza. Erudita, estudou astronomía, matemáticas, poesía, belas artes, e linguas.

**Sofía BRAHE***(Knudstrup, 1556 - Elsinor, 1643)*

Foi autodidacta en astronomía, química e medicina. A súa admiración e curiosidade polas estrelas levárona a axudarlle ó seu irmá no observatorio que este construíra na illa de Hven (Copenhague), no Castelo de Ucrania "Uraniborg". Calcularon a traxectoria dos cometas e os cálculos dos eclipses. Descubriron a posición exacta dos planetas e publicaron un catálogo que axudou ó descubrimento das leis sobre o movemento dos planetas. Creou o seu propio laboratorio de medicamentos onde fabricou medicinas a partir de plantas empregando procedementos alquímicos.

**Levinia TEERLINC***(Brujas, 1510 - Londres, 1576)*

É a primeira muller miniaturista do Renacemento, así como a primeira muller pintora que traballa asalariada para unha casa real, a de Eduardo VI e de Enrique VIII de Inglaterra. Alí encargárase de pintar á corte e en especial a María I e a Elizabeth II, como pintora real, cargo que ocupará tras a morte do seu antecesor Hans Holbein el Joven. Durante o século XVI gran número de pintores miniaturistas foron solicitados pola corte inglesa para brindar os seus servizos, que só personaxes moi importantes podían afrontar economicamente. Grazas ó traballo destes artistas tense unha importante documentación sobre o vestuario e a aparencia xeral das persoas atesouradas.

**Sofonisba ANGUISSOLA***(Cremona, 1532 - 1625)*

Pintora italiana, a máis famosa do Cinquecento en Italia e España. No seu período de formación no taller de Bernardino Campi, entre 1546 e 1549, adquiriu os fundamentos do seu estilo minucioso e pulcro. Pero pronto superou en fama o seu mestre e marchou a Madrid, onde en 1559 a esperaba Felipe II para encargarlle numerosos retratos da familia real. En 1580 regresou a Italia, onde proseguíu a súa obra, sobre todo de retratos e escenas de xénero como o Retrato dunha monxa (Colección Yarrowborough, Londres).

**Barbara LONGHI***(Cremona, 1552 - 1638)*

É unha das mulleres que durante o Renacemento e o Barroco non só se dedicaron á súa gran paixón, a arte, senón que viviron del e mesmo conseguiron certo recoñecemento. Pasou toda a súa vida na súa cidade natal, no taller do seu pai. Criouse nun ambiente profundamente relixioso. O seu pai foi un fervente seguidor da Contrarreforma católica e así reflicítese nas súas obras e nas da súa filla. O catálogo de lenzos de Barbara é conciso, 15 obras de arte, das que todas versan sobre temas relixiosos, en especial a representación da Virxe co Neno.

**Lavinia FONTANA***(Bolinia, 1552 - Roma, 1614)*

A súa importancia para a Historia da Arte non se dá por un criterio de valoración que teña en conta a innovación, pero o seu traballo foi moi significativo, tanto en cantidade coma en calidade. Recibiu encargos públicos e privados -algo fóra do común para unha muller da época- , continuou pintando despois de casarse e foi a artista máis produtiva anterior ó ano 1700. Encóntranse documentadas 135 obras súas.

**Fede GALIZIA***(Milán, 1578 - 1630)*

Pioneira do xénero do bodegón. Posiblemente por influencia do seu pai como miniaturista, tivo tendencia polo miúdo nas súas pinturas. O seu tratamento das xoias e a vestimenta convertérona nunha retratista moi buscada. Tamén se dedicou á pintura relixiosa e profana, por exemplo varias versións de Judith e Holofernes como a do Museo Ringling de Florida. Tamén pintou miniaturas e retablos para conventos. O estilo dos seus retratos deriva das tradicións naturalistas do Renacemento italiano, cunha aproximación moi realista.

**Properzia de ROSSI***(Bologna, 1490 - 1530)*

Adquiriu fama polas súas complexas e pequenas esculturas feitas en ósos de froita, como albaricoques, melocotóns e cereixas. Os temas destas pequenas esculturas eran a miúdo relixiosos, unha das máis famosas foi unha crucifixión feita nun óso de melocotón. Próxima a cumprir a trintena, Rossi comezou a traballar a grande escala. Os seus retratos en busto de mármore deste período proporcionáronlle recoñecemento e numerosos encargos, incluíndo un programa decorativo para o altar de Santa María del Baraccano en Bolonia. Aínda que obtivo numerosos encargos durante a súa vida, morreu antes de cumprir corenta anos, na miseria e sen parentes nin amigos.

COA COLABORACIÓN DO ALUMNADO:

Pedagogía da Expresión Musical de 4º de Educación Infantil, profesora **Rocio CHÓ FERNÁNDEZ**, Matemáticas na Vida de 4º de Educación Infantil, profesora **Mª Dorinda MATO VÁZQUEZ** e Didáctica da Expresión Plástica 3º de Educación Infantil, profesores **José Mª MESÍAS LEMA** e **Roberto SUÁREZ BRANDARIZ**

Barroco: S. XVII

04/15

**Aphra BEHN***(Canterbury, 1640 - 1689)*

Casou en 1664, pero un ano máis tarde o seu home morreu, tras o cal iniciou unha vida licenciosa, e parece que foi amante do rei inglés Carlos II, quen a enviou a Amberes como espía da coroa inglesa durante a guerra de 1665, o que a levou á ruína. Pasou un tempo no cárcere por mor das débedas. Xa en liberdade comezou a escribir obras de teatro, chegando a considerarse a primeira escritora profesional de lingua inglesa. Entre as súas obras cabe salientar *O Matrimonio Forzoso* (1670) e *Oroonoko* ou *O escravo real* (1688), primeira obra antiescravista.

**Sor Juana Inés de la CRUZ***(México, 1651 - México, 1695)*

Esta escritora cultivou a lírica, a prosa, o auto sacramental e o teatro, achegando á literatura numerosas obras nas que se avoga pola igualdade de sexos e se defenden os dereitos da muller.

**Sophie Elisabeth VON BRAUNSCHWEIG-LÜNEBURG***(Alemania, 1613 - 1676)*

O seu amor pola música levouna a incluír, na súa corte, unha orquestra e un Kapellmeister e obras de teatro e ballets escritos por ela mesma. Entre a súa obra cómpre destacar varios diálogos para Friedens Sieg ou O trunfo da paz (1642) que compuxo para conmemorar o acordo de paz de Goslar.). A mediados da década de 1650 compuxo unha sinfonía e un coro anxélico (Dieses ist das Fürstenhaus ou Esta é a casa dos príncipes) para celebrar o aniversario do seu pai, que evidencian un coñecemento da práctica orquestral francesa a cinco partes.

**Bárbara STROZZI***(Venecia, 1619 - Padua, 1677)*

Foi a primeira muller que desenvolveu o seu traballo como intérprete e compositora fora dunha corte. Ademais, converteuse na primeira produtora de cantatas do século XVII.

**Isabella LEONARDA***(Novara, 1620 - 1704)*

As experiencias relixiosas diferencian a Isabella, xa que relaciona a súa creación có derroteiro sacro da Idade Media. Pensaba que o principio da música era Deus, considerado como a consonancia perfecta. Compuxo ao redor de duascenas obras, entre as que se atopan as máis antigas de carácter instrumental compostas por unha muller.

**Elisabeth Sophie CHÉRON***(París, 1648 - París, 1711)*

Foi unha artista integral, que recordou aos mestres renacentistas polo seu dominio das artes plásticas, a música e a literatura, sendo nesta última onde obtivo o seu maior recoñecemento, ao ser nomeada membro de dúas Academias.

**Elisabeth JACQUET de la GUERRE***(París, 1665 - París, 1729)*

Foi nena prodixio, virtuosa do crave e unha das compositoras máis importantes do Barroco.

**Spohie Wilhelmine VON BAYREUTH***(Berlín, 1709 - 1758)*

Primoxénita do rei Friedrich Guillelmo I de Prusia, en 1731 foi obrigada a contraer matrimonio con Federico de Brandenburgo-Bayreuth. Cando en 1735 Federico accedeu ao trono fundaron a Universidade de Erlangen, o que levou a corte á bancarrota, aínda que a convertiu nun centro de reunión de artistas e intelectuais. Sophie ademais de mecenas –protexeu entre outros a Bernhard Joachim Hagen-, foi tamén unha notable compositora e estudou laúd con Sylvius Leopold Weiss. Escribiu a ópera Argenore (1740) para celebrar o aniversario do seu home.

**María Teresa d'AGNESI***(Milán, 1720 - 1795)*

Irmá menor da prestixiosa matemática María Gaetna. Foi compositora, clavecinista, cantante e libretista italiana. Il ristoro d'Arcadia, presentado en Milán en 1747, foi o seu primeiro traballo teatral. Escribiu sete óperas, tres delas baseáronse en libretos propios. Dedicou algunhas coleccións das súas arias aos soberanos de Saxonia e de Austria. A súa seguinte ópera, *Ciro en Armenia*, foi estreada no Regio Teatro Ducal en 1753, con libretto da propia compositora.

**María Antonia WALPURGIS***(Munich, 1724 - Dresde, 1780)*

Gozou dunha importantísima educación integral e tivo como profesores os mellores compositores de ópera do seu tempo: Giovanni Ferrandini, Giovanni Porta, Nicola Porpora e J. A. Hasse. Ademais recibiu leccións de pintura con Rafael Mengs e mostrou un especial don para a poesía, como demostra o libreto *La conversione di Sant' Agostino* (1750), que escribiu para Hasse. Está considerado como un dos mellores oratorios do músico saxón. Pero foi a súa actividade musical -como compositora, cantante, clavecinista, e mecenas- a súa faceta máis importante.

**Francesca LEBRUN***(Mannheim, 1756 - Berlín, 1791)*

Primoxénita da bailarina Bárbara Toeschi e de Innocenz Danzi (violonchelista na corte de Mannheim) era coñecida pola súa destreza vocal e as súas dotes compositivas. A súa primeira aparición pública como cantante foi aos dezaseis anos e o ano seguinte entrou na ópera de Mannheim, onde permaneceu catro anos. Os 21 anos viaxou a Londres para cantar óperas de Bach e Saccini. Foi unha compositora respectada, a pesar de vivir nunha época na que as mulleres estaban relegadas a un segundo plano.

**María MEURDRAC***(Francia, ¿? - ¿?)*

Química e alquimista francesa da que se descoñece o lugar e data de nacemento. É a autora de *A química caritativa e fácil a favor das mulleres* (1666) primeiro libro de química escrito por unha muller e dedicado ás mulleres. Está dividido en seis partes e contén os principios da alquimia, que Marie relaciona co misterio da Santísima Trindade. A idea principal desta obra é transmitir que todo o mundo debería ter acceso libre ao coñecemento. Marie desexaba romper o illamento no que se atopaban as mulleres.

**Laura BASSI***(Bolonía, 1711 - Bolonía, 1778)*

En 1732, ingresou na Universidade como profesora de Filosofía, converténdose na primeira muller en impartir clases nunha universidade europea. En 1776, dous anos antes da súa morte, obtivo a Cátedra de Física Experimental, sendo a primeira muller catedrática na Universidade de Bolonia.

**María AGNESI***(Milán, 1718 - Milán, 1799)*

Destacou como lingüista, filósofa e matemática. Con 9 anos publicou unha tradución en latín, en defensa da educación e formación das mulleres.

**Émilie de CHATELET***(París, 1706 - Lunéville, 1749)*

O seu pai deu-lle unha educación que rara vez recibían as mulleres naquela época. En 1737, publicou un artigo titulado "Dissertation sur la nature et la propagation du feu" (Disertación sobre a natureza e a propagación do lume) que predecía o que hoxe se coñece como radiación infravermella e natureza da luz.

**María CUNITZ***(Polonia, 1604 - Byczyna, 1664)*

Con 10 anos dominaba o Hebreo, o Grego, o Latín, o Alemán, o Polaco, o Italiano e o Francés. Ademais, amosaba dotes para a Pintura, a Música e a Poesía e interesábase pola Matemática, a Medicina e a Historia.

**María EIMMART***(Alemania, 1676 - Altdorf, 1707)*

Sendo aínda unha rapaza aprendeu a arte da Astronomía no observatorio do seu pai xunto a outros alumnos. Realizou numerosos debuxos exactos do Sol e da Lúa.

**Artemisa LOMI GENTILESCHI***(Roma, 1593 - Nápoles, 1664)*

Pintora italiana, a máis famosa do Cinquecento en Italia e España. No seu período de formación no taller de Bernardino Campi, entre 1546 e 1549, adquiriu os fundamentos do seu estilo minucioso e pulcro. Pero pronto superou en fama o seu mestre e marchou a Madrid, onde en 1559 a esperaba Felipe II.

**Elisabetta SIRANI***(Bolonía, 1638 - 1665)*

Pintora italiana de estilo barroco e un dos últimos representantes da brillante escola boloñesa do s. XVII. Foi unha das primeiras mulleres de proxección internacional. A súa especialidade foron as pinturas relixiosas, da Virxe co Neno e a Sagrada Familia que producía velozmente.

**Rosalba CARRIERA***(Venecia, 1675 - 1757)*

Comezou a súa carreira pintando miniaturas de figuras femininas nas tapas de caixiñas de rapé, converténdose nunha das primeiras miniaturistas europeas e pioneira en utilizar marfil con este propósito. Foi evolucionando ata chegar á pintura de retratos, destacando nos femininos.

**Luisa ROLDÁN***(Sevilla, 1652 - Madrid, 1706)*

Formouse influída principalmente polo seu pai, en cuxo taller de Sevilla traballou. A súa escultura foi de temática relixiosa, seguindo as directrices do Concilio de Trento de humanizar a arte das imaxes, para poñer a relixión máis próxima ao pobo. Realizou esculturas de tamaño natural para procesionar, en madeira ou de barro cocido con policromía e moitas delas das chamadas «de candeiro» ou para vestir, así como tamén outras de pequenos grupos de devoción para particulares e conventos, con gran movemento e expresividade con plenas características da arte barroca. Executou numerosos beléns en terracota de estilo italiano, inclinándose máis polos que formaban unha escena da Natividade como grupo escultórico unido.

COA COLABORACIÓN DO ALUMNADO:

Pedagogía da Expresión Musical de 4º de Educación Infantil, profesora **Rocío CHAO FERNÁNDEZ**, Matemáticas na Vida de 4º de Educación Infantil, profesora **Mª Dorinda MATO VÁZQUEZ** e Didáctica da Expresión Plástica 3º de Educación Infantil, profesores **José Mª MESÍAS LEMA** e **Roberto SUÁREZ BRANDARIZ**

Clasicismo

05/15

**María Olimpia de GOUGES***(Montauban, 1748 - París, 1793)*

Os seus escritos centráronse en tratar temas feministas, revolucionarios e de política. Escribiu moitas obras teatrais como *Zamore e Myrza*, *Lucinda e Cardenio*, *O matrimonio de Chérubin* e *Molière na casa de Ninon*, aínda que destas só a primeira foi admitida na Comedia Francesa (1789). Escribiu unha obra na que explicaba as súas ideas sobre os dereitos das mulleres (*O príncipe filósofo*) e moitos opúsculos que trataban cuestións sociais. O máis destacado é *A Declaración dos Dereitos da Muller e a Cidadá* (1791).

**Marta BALLARD***(Massachusetts, 1734 - 1812)*

Foi unha curandeira e parteira que traspasou toda a súa experiencia nun diario que comezou a escribir en 1785 e, que co tempo se converteu nunha importante fonte de información sobre a vida e a historia social dos primeiros anos nos incipientes EEUU. A súa vida pasou desapercibida ata que, séculos despois, o seu diario viu a luz.

**Ana Amalia de PRUSIA***(Berlín, 1723 - 1787)*

Pianista, clavecinista e compositora alemá. O seu estilo compositivo era conservador e rexeitaba as innovadoras ideas de Haydn. Compuxo algunhas sonatas, marchas, obras corais, arias e cancións, como a Sonate pour flûte et continuo, Fa (1771), Triosonaten, ou a March for the Regiment Graf Lottum.

**Ana AMALIA, Duquesa de WEIMAR***(Wolfenbüttel, 1739 - Weimar, 1807)*

Influiu enormemente no desenvolvemento cultural do seu ducado e foi mecenas de artistas e literatos. Fundou a "Duquesa Ana Amalia Library". Ademais de auspicar artistas, era unha notable compositora. Entre os seus traballos máis importantes consérvase o Singspiel Und Elmiere (1776), baseado nun texto de Goethe.

**Mariana MARTÍNEZ***(Viena, 1744 - 1812)*

Pianista, cantante e compositora. As súas obras responden á moda da súa época, reflectindo o máis puro estilo do clasicismo vienés. Entre elas atopan sonatas para clave, misas, cantatas, corais e arias, como Dixit Dominus, In Exitu Israel, e Sonate in E Allegro.

**Nannerl MOZART***(Salzburgo, 1751 - 1829)*

Irmá maior de Mozart, tiña un gran talento, tanto para a interpretación do piano, coma para a composición. Ambos os dous estaban moi unidos e dise que Amadeus chegou a interpretar en público algunha das obras compostas por Nannerl. Pero tamén hai que destacar que este escribiu varias obras na súa honra.

**Helene de MONTGEROULT***(Lyon, 1744 - Florencia, 1812)*

Nena prodixio e alumna de Dussek, Hüllmandel e de Clementi, foi unha das grandes virtuosas da súa época. Evitou a guillotina en plena revolución, grazas a que improvisou variacións da Marsellesa diante do Comité de saúde pública francés. Foi a primeira muller profesora de piano do Conservatorio de París en 1795.

**Marisa Therese VON PARADIS***(Viena, 1759 - 1824)*

Perdeu a visión entre os 2 e os 5 anos. Cando contaba 7 anos os seus proxenitores apreciaron a súa capacidade musical. A partir dese momento recibiu unha ampla educación musical. Aos doce anos deu o seu primeiro concerto na corte vienesa. Durante súas viaxes escribiu moitas das súas composicións máis famosas.

**Marie Anne PIERRETE PAULZE***(París, 1758 - 1836)*

Comezou a introducirse no mundo da química tras o seu matrimonio con Antoine Lavoisier. As súas habilidades para o deseño, fixeron que o libro de Lavoisier, o *Tratado Elemental de Química*, fora o mellor e máis revolucionario libro de química do século XVIII, grazas a que Marie gravou en 1788 en cobre 13 ilustracións, que representan todos os utensilios dun laboratorio moderno.

**Jane MARCET***(Londres, 1769 - 1858)*

Escribiu "Conversas sobre Química" no ano 1806, best-seller sobre ciencia. A popularidade animouna a escribir máis libros sobre Botánica, Filosofía natural e Economía política. En todos utilizou un formato común que ela denominou «conversas», sendo un exemplo disto "Conversas sobre economía política" (1816) trata dos conceptos básicos de Economía. En 1833 publicou "Nocións de economía política de John Hopkins", dirixido ás clases traballadoras e "Ricos e Pobres", en 1851 no que insiste no tema a través do personaxe Mr. B.

**Carolina HERSCHEL***(Hanover, 1750 - 1848)*

Xunto co seu irmán, descubriron 2.514 novos obxectos, entre cúmulos globulares, nebulosas e galaxias, e construíron un telescopio xigante de 1,2 m. de apertura que lles permitiu descubrir a sexta e a sétima lúa de Saturno, Encelado e Mimas.

**Mary FAIRFAX***(Escocia, 1780 - 1872)*


Foi unha matemática, astrónoma e científica autodidacta, coñecida como "A Raíña das ciencias do século XIX". Estudou os Principia de Newton, a Mecánica celeste de Laplace, Botánica e Grego.

**Sophie GERMAIN***(París, 1876)*

Atraeulle a análise de Lagrange e baixo un nome ficticio escribiulle unha composición. Traballou nun problema das leis Matemáticas de vibracións de superficies elásticas. En 1811 someteu un traballo ao respecto á Academia Francesa das Ciencias (anonimamente).

**Nicole REINE LEPAU***(París, 1723 - 1788)*

Traballou co astrónomo Jérôme Lalande e co matemático Alexis Clairaut para calcular en 1759, a data do regreso do cometa Halley; esixiulle interminables cálculos para determinar a posición diaria na súa órbita, tendo en conta as perturbacións debidas aos planetas xigantes Xúpiter e Saturno. En 1762, calculou a hora exacta dun eclipse que ocorrería dous anos máis tarde.

**Wang ZHENYI***(Nanjin, 1768 - 1797)*

Dedicouse a estudar os eclipses lunares, as posicións das estrelas, os corpos celestes e as nubes. Escribiu doce libros sobre Astronomía e Matemáticas e dous ensaios: "Algunhas observacións sobre formas e figuras" e "Interpretación do eclipse luar". No ano 1797 morreu cando tiña só 29 anos. En 1994, a Unión Astronómica Internacional púxolle o seu nome a un cráter de Venus para recoñecer así o seu duro traballo no campo da Matemática e da Astronomía.

**Angélika KAUFFMANN***(Chur, 1741 - Roma, 1807)*

O seu pai, Johann Josef Kauffmann, era un pintor mediocre, pero moi bo ensinando a súa precoz filla. Aprendeu varios idiomas, lía incesantemente, e mostraba un destacado talento como música. O seu maior progreso, non obstante, era en pintura; e ao cumprir os doce anos fixérase famosa.

**María Luísa-Elizabeth VIGÉE-LEBRUN***(Saint Quentin, 1768 - Louveciennes, 1797)*

Foi filla dun retratista do que recibiu as súas primeiras leccións, aínda que ela se beneficiou máis dos consellos de Gabriel François Doyen, Jean-Baptiste Greuze, José Vernet e outros mestres do período. O 25 de outubro de 1774 foi feita membro da Academia Francesa.

**María HADFIELD COSWAY***(Logorn, 1759 - Lodi, 1838)*

Era unha bela e talentosa artista inglesa. Ela era unha artista famosa, unha músico excepcional e unha das fundadoras das escolas exitosas. Polo seu traballo pioneiro na educación das mulleres, esta filla dun pousadeiro recibiu o título de baronesa polo emperador austríaco Franz I.

**Mary-Anne COLLOT***(París, 1748 - Nancy, 1821)*

Foi unha escultora francesa. Alumna e afillada de Étienne-Maurice Falconet, tivo notoriedade como retratista, ligada aos círculos filosóficos e artísticos de Diderot e de Catalina II de Rusia. En outubro de 1766, acompañou a Falconet a San Petersburgo, onde fora invitado o escultor por Catalina II de Rusia, co fin de realizar unha estatua ecuestre de Pedro I de Rusia. Dedicouse ela entón a retratar os membros da corte rusa: quedaron entusiasmados co talento dunha escultora muller.

**Anne SEYMOUR DAMER***(Kent, 1749 - Londres, 1828)*

Secretaria do seu pai, o filósofo David Hume, supostamente él inspirouna a seguir unha carreira como escultora nun momento en que tan poucas mulleres o fixeron. Entre os seus temas máis coñecidos son o Almirante Nelson e o rei George III. Giuseppe Ceracchi, elixiuna como a musa da escultura nunha estatua de corpo enteiro que apareceu na entrada do Museo Británico dende hai máis de cen anos. Belmour (1801) foi a súa única novela.

COA COLABORACIÓN DO ALUMNADO:

Pedagogía da Expresión Musical de 4º de Educación Infantil, profesora **Rocío CHAO FERNÁNDEZ**, Matemáticas na Vida de 4º de Educación Infantil, profesora **Mª Dorinda MATO VÁZQUEZ** e Didáctica da Expresión Plástica 3º de Educación Infantil, profesores **José Mª MESÍAS LEMA** e **Roberto SUÁREZ BRANDARIZ**

Romanticismo I

06/15

**Mary SHELLY***(Londres, 1797 - 1851)*

Filla de dous progresistas que foron grande influencia na súa excelente educación: o filósofo William Godwin e a escritora feminista Mary Wollestonecraft. Escribiu novelas, biografías, libros de viaxe, poemas e relatos. Mary Shelley foi pioneira do xénero da ciencia ficción.

**Harriet BEECHER STOWE***(Connecticut, 1811 - 1896)*

Filla dun clérigo liberal fel detractor da escravitude. En 1835 casou con Calvin Stowe, tamén fervente loitador contra a escravitude. Escribiu o seu primeiro libro en 1843, El Mayflower o apuntes de escenas y personajes entre los descendientes de los peregrinos. Despois a novela La cabaña del tío Tom.

**Concepción ARENAL***(Ferrol, 1820 - Vigo, 1893)*

Ingresou na Universidade e pouco a pouco foise introducindo no mundo político-literario publicando tres xéneros ó mesmo tempo: teatro, fábulas morais e xornalismo. En 1860 coa obra *La beneficencia, a filantropía, a caridade* recibiu o premio da Academia de Ciencias Morais y Políticas. Prolífica escritora.

**Isabel COLBRÁN***(Madrid, 1785 - Bolonia, 1845)*

Filla de Juan Colbrán, músico da corte, tiña un extraordinario talento, polo que o seu pai se encargou de proporcionarlle as súas primeiras nocións musicais. Grazas á súa extraordinaria voz pronto obtivo moita fama, sendo reclamada para actuar nos mellores teatros de ópera de Italia, onde coñeceu a Giacomo Rossini. Excelente coñecedora dos seus propios recursos vocais, antes do seu matrimonio compuxo catro coleccións de cancións onde utiliza un estilo que máis tarde Rossini aproveitaría para sacarlle partido á cantante.

**Marina WOLOWSKA SZYMANOVSKA***(Varsovia, 1789 - San Petersburgo, 1831)*

Foi unha das pianistas máis importantes e a primeira muller compositora do seu país. Debutou en Viena en 1815 a partir do cal comezou a prodigarse por Europa. Foi profesora de Chopin, e deixou a súa pegada no músico. En 1822 o Zar Alexandre I concedeuulle o título de «Primeira pianista dos máis augustos emperadores». Foi unha prolífica compositora de música para piano -nocturnos, fantasías, mazurcas, etc.- O seu estilo é romántico e se pode identificar doadamente coa linguaxe de Chopin.

**Louise FARRENC***(Paris, 1804 - 1875)*

Compositora, pianista e profesora. En 1821 casou có frautista, compositor e editor de música Aristide Farrenc (1794-1865) quen editou a obra da súa esposa (Edicións Farrenc). O seu catálogo, que abarca 51 obras, pódese intuír a constancia de Louise, ademais de apreciar mostras do seu desenvolvemento intelectual e madurez. Entre 1820 e 1830 escribiu só para piano e a partir de 1840 comezou o seu repertorio para orquestra -Symphonie no 1, op. 32 (1841) Symphonie no 2, op. 35 (1846).

**Fanny MENDELSSOHN HENSEL***(Hamburgo, 1805 - Berlín, 1847)*

Primoxénita de Abraham Mendelssohn e Lea Salomon, era a irmá favorita de Félix. Estudou composición con C. F. Zelter, que a introduciu na música de J. S. Bach, dando moi pronto mostras do seu talento musical. Consérvanse algunhas obras para piano e un trío para piano violín e violonchelo. Aínda que hoxe se considera unha das músicas máis importantes do Romanticismo europeo, os seus logros foron limitados pola actitude existente entón contra as mulleres que asumían roles profesionais na música.

**Johanna KINKEL***(Bonn, 1810 - Londres, 1858)*

Compositora e poeta moi considerada pola súa intelixencia, educación e talento musical. Có apoio de Franz Antón Ries –o seu primeiro profesor de violín- comezou a carreira pianística e publicou o Vogelkantate Op.1. En Berlín probou a independencia artística como compositora, a pesar dos prexuízos que había cara as compositoras femininas. En 1849 asumiu a dirección editorial do Neue Bonner Zeitung, a voz dos demócratas de Bonn, onde publicou as súas ideas políticas. A obra de Kinkel é curta e basease na música de cámara e lembra a Schumann.

**Emilie MAYER***(Friedland, 1812 - Berlín, 1883)*

Dende pequena mostrou unha gran paixón pola música. En 1840, tras o suicidio do seu pai trasladouse a vivir a Szczecin, onde recibiu as súas primeiras leccións de composición. Escribiu a súa primeira obra en 1842. En 1876 instalouse definitivamente en Berlín, onde publicou con gran éxito as súas composicións. Ademais era tamén unha recoñecida escultora. Entre as súas obras sobresaen *Roi des Aulnes* (1842), *Cuarteto para cordas en Sol menor*, op. 14 (1864) e *Sonate pour violoncelle et piano en Re*, op. 47.

**Alice EASTWOOD***(Toronto, 1859 - USA, 1953)*

Usando o Manual de Grey e A Flora de Colorado, aprendeu botánica facendo coleccións nas súas viaxes. En 1891, despois de revisar o seu Album de Denver, Mary Katharine Brandegee, directora da área de Botánica na Academia das Ciencias de California, invitouna para axudarlle no Herbario da Academia. Ao ano seguinte converteuse en directora adxunta da Área de Botánica da Academia e directora da mesma no 1894. Traballou como editora da revista Zoe, como axudante de editor para Erythea e fundou o xornal Leaflets of Western Botany.

**Florence NIGHTINGALE***(Florencia, 1820 - Londres, 1910)*

O seu carácter e vocación levárona a dedicarse á Enfermería a partir do ano 1844. Logrou formarse en Enfermería, estudando en Alexandría e Alemaña. En 1852 volveu a Inglaterra a traballar nun hospital para mulleres inválidas de Londres, onde máis tarde sería nomeada directora. Durante a guerra de Crimea (1854) fíxose cargo da enfermería nos hospitais británicos. Acredítaselle a invención do gráfico circular e foi a primeira muller en ser premiada co Freedom of the City of London, en 1909.

**Ada Augusta BYRON, Condessa de Lovelace***(Inglaterra, 1815 - 1852)*

Filla do poeta Lord Byron e da matemática Annabella Milbanke, estudou Ciencias e Matemáticas. Un dos seus principais méritos foi deducir a capacidade dos ordenadores para ir máis alá dos cálculos matemáticos. A ela atribúeselle a invención do concepto de subrutina, a primeira programadora de Software da historia. Na súa honra, unha das linguaxes de programación é denominada ADA. En colaboración con Charles Babbage e De Morgan traballou na teoría de probabilidade. Ada morreu sen ver construída a Máquina. Non obstante, Charles Babbage intentou seguir deseñándoa, pero viuse obrigado a desistir desta idea ao xurdirlle diversos problemas na súa construción.

**María MITCHELL***(Nuntucket, Massachussetts 1818 - 1889)*

Aos 17 anos abriu a súa propia escola. En 1847 descubriu un cometa coa axuda dun telescopio que leva o seu nome "O cometa da Srta. Mitchell". Foi a primeira astrónoma académica en EE.UU., a primeira muller en formar parte da Academia das Artes e das Ciencias. De 1849 a 1868 empezou a traballar para a Investigación costeira dos Estados Unidos facendo medicións que axudarían a determinar a lonxitude e a altura da costa dos Estados Unidos. En 1865 converteuse na primeira catedrática de Astronomía do novo instituto de educación superior Vassar.

**Williamina Paton STEVENS FLEMING***(Dundee, 1857 - Boston, 1911)*

Edward Charles Pickering, coñecido profesor de Astronomía e director do Observatorio de Harvard propúxolle a Fleming traballar temporalmente no observatorio. Vendo a súa eficiencia, contratouna de forma permanente como persoal de investigación. Realizou unha clasificación de 10.351 estrelas en 17 categorías para o Draper Catalogue de espectros estelares, publicado en 1890. O seu sistema de clasificación denominado Sistema de Pickering-Fleming suplantou o sistema orixinal elaborado por Pickering.

**Berthé MORISOT***(Bourges, 1841 - Paris, 1895)*

Con influencias de Édouard Manet, ao que coñeceu no Louvre onde realizaba a súa tarefa como copista. Mesmo foi a modelo dalgúns dos seus cadros como en "No Balcón". Emparentouse con el ao casarse co seu irmán menor, Eugène. Forxou un estilo impresionista caracterizado pola delicadeza e sutileza. Traballou tanto a pintura ao óleo coma a acuarela, realizando paisaxes e escenas de mulleres con nenos. Entre a súa obra destaca Madame Pontillon sentada na herba (1873, Museo de Arte de Cleveland) e El espello de vestir (1876, Museo Thyssen-Bornemisza de Madrid).

**Emma STEBBINS***(Nova York, 1815 - 1882)*

Escultora estadounidense. Ela primeiro estudou no taller do retratista Henry Inman. En 1843 Stebbins foi elixida asociada da National Academy of Design, de Nova York. De 1857 a 1870 viviu en Roma, onde estudou durante un período de Benjamin Paul Akers (1825-1861), un escultor norteamericano de Maine, e se reuniu co recoñecido escultor Harriet Hosmer. A actriz Charlotte Cushman, converteuse en compañeira de toda a vida de Stebbins. A obra máis famosa de Stebbins é o anxo das augas, realizado para a fonte de Bethesda en Central Park, Nova York.

**Anne WHITNEY***(Watertown, 1821 - Boston, 1915)*

Foi educada na casa cando era nova, e máis tarde viaxou a Europa, onde estudou en Roma, Munich e París antes de regresar aos Estados Unidos. Partidaria recoñecida dos movementos abolicionista e sufraxista, Whitney sentiu o peso do sexismo do día en que, en 1875, a comisión dunha estatua de Charles Sumner onde gañou un concurso, negóuselle cando se descubriu que o modelo gañador foi creado por unha muller. Era unha retratista consumada, completando multitude de estatuas e bustos.

**Anna ATKINS***(Kent, 1799 - 1871)*

Foi unha botánica británica, fotógrafa, e a primeira persoa en publicar un libro ilustrado exclusivamente con imaxes fotográficas. Sir John Herschel, un amigo de Atkins e do seu pai, inventou o proceso fotográfico de cianotipia en 1842. Atkins aplicou o proceso para resolver as dificultades de realizar debuxos precisos de especies científicas e autoeditouse a primeira entrega de fotogramas de cianotipos de algas. Continuou publicando outras entregas da serie British Algae, e outros libros como *Cianotipias das Plantas con Flores e Fentos Británicos e Estranxeiros*.

**Julia MARGARET CAMERON***(Calcuta, 1815 - Sri Lanka, 1879)*

Foi unha fotógrafa inglesa que se dedicou ao retrato fotográfico de corte artístico, así como á representación escenográfica de alegorías que a enmarcan na corrente da fotografía academicista. Chegou a expoñer na Exposición Universal de 1870, e a súa obra foi recoñecida póstumamente, xunto á de Lewis Carroll, grazas á súa reivindicación por parte dos fotógrafos do pictorialismo, así como ao apoio do grupo literario de Bloomsbury e á súa sobriña neta Virxinia Woolf.

COA COLABORACIÓN DO ALUMNADO:

Pedagoxía da Expresión Musical de 4º de Educación Infantil, profesora **Rocío CHAO FERNÁNDEZ**, Matemáticas na Vida de 4º de Educación Infantil, profesora **Mª Dorinda MATO VÁZQUEZ** e Didáctica da Expresión Plástica 3º de Educación Infantil, profesores **José Mª MESÍAS LEMA** e **Roberto SUÁREZ BRANDARIZ**

Romanticismo II: S.XIX

07/15

**Immás BRONTĚ***(Charlotte, Thornton, 1816 - Haworth, 1855; Emily, Thornton, 1818 - Haworth, 1848; Anne, Thornton, 1820 - Scarborough, 1849)*

Novelistas británicas que intentaron saír adiante nunha sociedade no que o papel da muller estaba moi limitado. As súas obras mais famosas son, *Jane Eyre* (Charlotte, 1847), *Cumbres borrascosas* (Emily, 1847) ou *Agnes Grey* (Anne, 1847). Estas novelas son consideradas unhas das obras máis saliantables na historia da literatura inglesa.

**Rosalía de CASTRO***(Santiago de Compostela, 1837 - Padrón, 1885)*

Destaca na poesía tanto pola súa grande calidade narrativa coma pola denuncia social que nela facía. É unha figura imprescindible dentro da literatura galega. No ano 1863 publica *Cantares Gallegos*. Esta obra, escrita en galego, supón un referente no "renacemento" da literatura galega. A data de publicación desta obra 17 maio de 1963 é a que se emprega para celebrar o día das letras galegas. No ano 1880 publica *Follas novas*, un poemario tamén escrito integramente en galego no que destacan as súas poesías intimistas como *Negra sombra*.

**María Felicia GARCÍA SITCHES***(París, 1808 - Manchester, 1936)*

Cantante de ópera coñecida artisticamente como María Malibrán foi unha das cantantes máis importantes a nivel mundial da primeira metade do S.XIX. Foi considerada toda unha musa do romanticismo.

**Clara WIECK de SCHUMANN***(Leipzig, 1819 - Frankfurt, 1896)*

Foi unha nena prodixio. Desenvolveu unha brillante carreira como pianista dende os trece anos, foi coñecida como a máis virtuosa do século XIX. Algunhas das súas obras son: *Catro polonesas para piano* (1831), *Soirées Musicales e Romance para violín e piano* (1853)

**Paulina GARCÍA VIARDOT***(París, 1821 - 1910)*

Triunfou en Londres como cantante co papel de Desdémona de Otelo. Retirouse da escena e dedicouse ó ensino e á súa faceta de compositora. Escribiu varias operetas, mazurcas (*Plainte d'amour, Faible coeur* ou *Berceuse*) e cancións líricas (*Adieu les beaux Jours, Aime-moi, Bonjour mon coeur*), entre outras moitas obras.

**Louise Adolpha Le BEAU***(Rastatt, 1850 - Baden, 1927)*

Alumna avantaxada de Clara Schumann, chegou a superar á súa profesora. Adicada na carreira como concertista de piano e compositora, nunca casou para dedicarse á música, e, aínda que logrou certo prestixio, continuamente se enfrontou a situacións difíciles por ser muller. Foi moi crítica coa sociedade alemá que obrigaba á muller a servir a familia, e constantemente se cuestionaba se era xusto que a muller só puidera esperar que os seus traballos fosen considerados de segunda categoría.

**Elizabeth BLACKWELL***(Bristol, Inglaterra, 1821 - Hastings, 1910)*

Converteuse na primeira muller que obtivo o título para a práctica da Medicina en Estados Unidos. Fundou o seu propio hospital para mulleres e nenos indixentes e o Colexio Médico de Mulleres. Participou no movemento antiescravista e dedicouse á ensinanza.

**Nettie María STEVENS***(Vermont, 1861 - Baltimore, 1912)*

Bióloga xenetista, descubriu os cromosomas X e Y que determinan o xénero traballando con moscas da froita (*Drosophila melanogaster*), dando así a proba á hipótese de Calvin Bridges de que os xenes estaban contidos nos cromosomas. Ampliou exitosamente os campos da embrioloxía e citoxenética.

**María MONTESSORI***(Chiaravalle, Ancona, Italia, 1870 - 1952)*

Foi unha educadora, científica, médica, psiquiatra, filósofa, psicóloga, católica, feminista e humanista italiana que renovou o desenvolvemento dun método específico de ensino, coñecido como método Montessori. Partindo do método científico e da observación elabora os seus materiais

**Sofia Sonia KOVALEVSKAYA***(Moscú, 1850 - 1888)*

Traballou como profesora de Análise Matemático na Universidade de Estocolmo e elaborou ou seu traballo máis relevante, "Sobre a rotación dun sólido ó redor dun punto fixo". En 1888 obtivo o premio Bordin. Desta forma, pasou a ser a segunda muller en conseguir este premio. O seu nome pasou á historia polo Teorema de Cauchy-Kovaleskaya.

**Cypra Cecilia KRIEGER-DUNAJ***(Jaslo, Polonia, 1894 - 1974)*

Matemática que viviu e traballou en Canadá. Foi a terceira persoa (e a primeira muller) en obter un doutorado en matemáticas nunha universidade de Canadá, en 1930, así como a terceira muller galardoada cun doutorado en calquera disciplina en Canadá. Traduciu dúas obras de Wacław Sierpinski en topoloxía xeral. O Premio Krieger-Nelson, outorgado anualmente pola Sociedade Matemática de Canadá dende 1995 é na súa honra.

**Annie JUMP CANNON***(Delaware, EEUU, 1863 - 1941)*

En 1923 foi elixida unha das doce mulleres americanas vivas máis importantes. Nomeada doutora honoris causa pola Universidade de Oxford en 1925, a primeira vez que se concedía a unha muller. En 1931 concedéuselle a medalla Henry Draper da Academia Nacional de Ciencias.

**Lilly MARTIN SPENCER***(Exeter, Inglaterra, 1822 - New York, 1902)*

É unha das máis populares e amplamente reproducidas pintoras de sexo feminino estadounidenses de mediados do século XIX. Pintou escenas domésticas, mulleres e nenos nunha cálida atmosfera feliz. Os seus pais apoiárona na súa busca dunha formación artística, pois defendían unha mellora nos dereitos da muller, despois de ser seguidores de utópicos como Charles Fourier. As súas pinturas adoitan ser óleos sobre lenzo, de tamaño variado. Os seus temas eran caseiros.

**Barbara BODICHON***(Sussex, Inglaterra, 1827 - Hastings, 1891)*

A combinación dunha educación pouco convencional e unha renda privada Barbara colocado nunha posición extraordinaria para unha muller a mediados da era vitoriana. Mentres que a maioría das mulleres se formularon para ser obedientes e espera a casar, ter fillos e vivir na subordinación a un marido, Barbara era libre de vivir a súa vida case ó seu antollo. Ningunha universidade admitía mulleres, pero iso non a fixo sucumbir a ser ama de casa, converteuse en pintora e reformadora social.

**Mary STEVENSON CASSATT***(Pittsburgh, EEUU, 1844 - París, 1926)*

É sobre todo coñecida polas súas series de pinturas e gravados con nais e nenos, aínda que tamén explora outros aspectos da vida social e privada das mulleres. En contra dos desexos da súa familia marcha a estudar a Francia onde Edgar Degas se converte no seu mentor. De Degas aprende a técnica do gravado e o dominio dos pasteis. Exhibe cos impresionistas franceses e á súa volta en Estados Unidos utiliza os seus contactos para introducilos a mecenas norteamericanos.

**Edmonia LEWIS***(New York, 1844 - Londres, 1907)*

Escultora estadounidense nacida de pai afroamericano e nai india americana, foi a primeira escultora americana negra en alcanzar prominencia nacional. Durante a súa infancia viaxou coa súa familia na tribo Chippewa, polo cal se lle coñece como Regueiro de Pólvora. Ós 12 anos asistiu á escola en Albany, NY, a continuación, un curso de artes liberais no Oberlin College, Ohio. Lewis foise a Boston para estudar con Edward Brackett e Anne Whitney. O seu medallón do abolicionista John Browne e un busto do heroe da Guerra Civil Robert Shaw expúxose en Socorro Feira de Soldados (1864).

**Procesa SARMIENTO***(San Juan, Argentina, 1818 - 1899)*

Foi unha das primeiras pintoras arxentinas e docente de educación primaria. Mentres que o pintor Amadeo Gras durante a súa estadía en San Juan lle ensinou debuxo e pintura. Foi mestra do Colexio de Santa Rosa fundado polo seu irmán ó mesmo tempo que seguía tomando clases de artes e doutras especialidades. A súa especialidade era o retrato e ademais realizou miniaturas e algunhas pinturas florais, paisaxes e motivos relixiosos e composicións decorativas utilizando lapis e tinta chinesa, óleo, acuarelas e técnicas mixtas. O período comprendido entre agosto do 2007 e ese mesmo mes do 2008 foi declarado o ano Procesa en homenaxe á artista e homenaxeolla e difundiu a súa obra.

**Gertrude KÅSEBIER***(Des Moines, EEUU, 1852 - New York, 1934)*

Gertrude Stanton, máis coñecida polo apelido do seu esposo, Edward Käsebier, foi unha artista estadounidense, que se iniciou tardiamente na fotografía profesional, iniciando estudos de arte ós 37 anos. Estudou debuxo e gravado, pero dedicouse á fotografía. Comezou na década de 1890 a realizar ocasionalmente fotografías ós seus 3 fillos. En 1894 pasou varios meses en Europa (Alemaña e Francia) estudando química da fotografía, e pintura. En 1895, de regreso en Brooklyn coa súa familia, decidiuse a traballar profesionalmente en fotografía, e un ano despois comezou como asistente no estudo de Samuel H. Lifshey, en parte para axudar á economía familiar debilitada por unha enfermidade do seu marido. En 1896 exhibiu 150 fotografías no Boston Camera Club.

COA COLABORACIÓN DO ALUMNADO: Pedagogía da Expresión Musical de 4º de Educación Infantil, profesora **Rocio CHÓ FERNÁNDEZ**, Matemáticas na Vida de 4º de Educación Infantil, profesora **Mª Dorinda MATO VÁZQUEZ** e Didáctica da Expresión Plástica 3º de Educación Infantil, profesores **José Mª MESÍAS LEMA** e **Roberto SUÁREZ BRANDARIZ**

Modernismo I: S.XIX

08/15

**Emilia PARDO BAZÁN***(A Coruña, 1851 - Madrid, 1921)*

Era filla dos condes de Pardo Bazán, título que herdou en 1809. Dedicouse á literatura, chegando a ser novelista, xornalista, ensaísta e crítica indutora do naturalismo en España. Tamén destaca a súa proxección feminista como conferenciante e como directora da 'biblioteca da muller'.

**Selma Ottilia LOVISA LAGERLÖF***(Marbacka, 1858 - 1940)*

Foi Premio Nobel de Literatura en 1909 en recoñecemento "ó altivo idealismo, a vívida imaxinación e a percepción espiritual que caracterizan a todas as súas obras", converténdose deste xeito na primeira muller en gañar este premio na categoría de literatura.

**Grazia DELEDDA***(Cerdeña, 1871 - Roma, 1936)*

Cunha educación básica, ampliou os seus estudos literarios como autodidacta. En 1926, obtivo o Premio Nobel de Literatura "polos seus inspiradamente idealistas escritos que con claridade plástica debuxan a vida na súa illa natal e que trata os problemas humanos en xeral"

**Ethel SMITH***(Londres, 1858 - Surrey, 1944)*

Aos 19 anos converteuse na primeira muller que ingresou no seminario de composición do Conservatorio de Leipzig. En 1891 escribiu a súa primeira e máis importante ópera, a *Misa en Re*. que suscitou gran controversia, xa que foi obxecto tanto de numerosas críticas coma de múltiples eloxios. A súa *obra Der Wald* foi a primeira ópera composta por unha muller representada na Metropolitan Opera de Nova York.

**Mélanie BONIS***(París, 1858 - Sarcelle, 1937)*

Ante a oposición dos seus pais, estudou piano de xeito autodidacta ata que en 1876 conseguiu entrar no Conservatorio onde estudou harmonía, acompañamento e composición. O seu estilo musical está cheo de recursos melódicos e harmónicos inesgotables, con pinceladas impresionistas. A súa obra é variada e abundante: escribiu sesenta obras para piano, 25 obras vocais relixiosas, unhas 30 obras para órgano, 20 de música de cámara e 11 obras para orquestra.

**Amy Marcy CHEENEY BEACH***(Henniker, 1867 - New York, 1944)*

Foi a primeira compositora americana que gozou de gran recoñecemento. Nena prodixio, con tan só un ano era capaz de entoar con precisión corenta sons; aos tres sabía ler e aos catro podía compoñer sinxelos vales. Foi a primeira presidenta da Asociación de Mulleres Compositoras.

**Isadora DUNCAN***(Cerdeña, 1871 - Roma, 1936)*

Considerada nai da danza moderna. Gran viaxeira, chegou ao éxito co seu estilo baseado na danza da Antiga onde interpretaba uns movementos moi afastados dos patróns clásicos coñecidos ata o momento, incorporando postas en escena e movementos que tiñan máis que ver cunha visión filosófica da vida.

**Mary CARR MOORE***(Memphis, 1858 - Inglewood, California, 1957)*

Os seus inicios musicais sitúanse en San Francisco, onde estudou composición con J.H. Pratt e canto con H.B. Pasmore. En 1894 tomou a batuta para dirixir un grupo de afeccionados no estreo da súa primeira opereta: *Oráculo*. Foi a primeira muller que dirixiu unha orquestra de 80 homes na exposición de San Francisco en 1915.

**Marion MAHONY GRIFFIN***(Chicago, 1871 - Chicago, 1961)*

Foi a segunda muller que se graduou no Instituto Tecnolóxico de Masachusets e unha das primeiras licenciadas en arquitectura no mundo. Traballou co arquitecto Frank Lloyd Wright durante 14 anos e foi a única debuxante e proxectista no seu estudo converténdose nunha das súas principais deseñadoras. Desenvolveu un distintivo estilo de representación inspirado nos gravados de madeira xaponeses utilizando a tinta fluída e as acuarelas

**Julia MORGAN***(San Francisco, 1872 - San Francisco, 1957)*

Foi a primeira muller arquitecta do mundo (1902). En 1904 obtivo a licenza do Estado de California para establecerse como arquitecta oficial, e nese mesmo ano abriu a súa primeira oficina en San Francisco, pero non obtivo total independencia ata 1910. Posteriormente tamén traballou para a asociación feminista YWCA. Tiña un estilo ecléctico e traballou unha gran diversidade de estilos.

**Marie CURIE***(Polonia, 1867 - París, 1934)*

En 1893 conseguiu a licenciatura en Física, sendo a primeira da súa promoción. Un ano despois licenciouse en Matemáticas. Realizou a súa tese doutoral sobre o descubrimento da radioactividade natural. Tras analizala co seu marido, decidiu centrarse nos traballos do físico Henri Becquerel, quen descubriña que as sales de uranio transmitían uns raios de natureza descoñecida. Por este traballo de investigación foi premiada en 1903 co Premio Nobel de Física.

**Gerty Theresa CORI***(Praga, 1896 - EEUU, 1957)*

Ingresou na Facultade de Medicina da Universidade alemá Carl Ferdinand, en Praga en 1914 onde coñeceu a quen sería o seu marido, Carl Cori. Interesáronse en como se metaboliza a glicosa no corpo humano e nas hormonas que regulan este proceso, así como nos efectos da insulina e da adrenalina. Publicaron xuntos máis de 50 artigos e arredor de 11, Gerty en solitario. Foron estes estudos os que contribuíron ao diagnóstico da diabetes. En 1943 foi gañou o Premio Nobel.

**Grace CHISHOLM YOUNG***(Inglaterra, 1868 - París, 1944)*

Accedeu dende nova a estudos normalmente negados ás mulleres, grazas ao seu pai. A súa educación centrouse no cálculo e na música. Colaborou con William Young para escribir un libro de astronomía. Hoxe en día empréganse as teorías Didácticas de Grace sobre a importancia de ensinar Xeometría.

**Mileva MARIC***(Vojvodina, 1875 - Zurich, 1948)*

En 1890 é a número un do grado en Matemáticas e Física no instituto, co que consegue un permiso especial para asistir ás clases no Colexio Real de Zagreb, sendo a primeira muller en lograr este dereito. En 1903 casa con Albert Einstein, separándose uns anos máis tarde tralo nacemento dos seus fillos.

**Emmy NOETHER***(Baviera, 1882 - Pensilvania, 1935)*

Derradeira alumna ointe na universidade de Erlangen (1902) sendo participe da mesma. Traballou co matemático alxebrista Ernst Otto Fischer, quen lle cambiaría a súa visión das Matemáticas. En 1918, proba os seus teoremas, un dos cales aínda é moi coñecido: "Teorema de Noether"

**Antonia Caetana de PAIVA MAURY***(New York, 1866 - 1952)*

Naceu en Cold Spring-on-Hudson e pertenceu a unha familia con fondo científico distinguido. Asistiu a Vassar College, onde se graduou en 1887 con honra en Física, Astronomía e Filosofía no ano 1889 e converteuse en asistente de Edward Pickering no Harvard College Observatory.O seu traballo máis coñecido foi a análise espectroscópica binaria da Beta Lyrae publicada en 1933

**Elizabeth THOMPSON, Lady BUTLER***(Lausana, 1846 - Meath, Irlanda, 1933)*

Una das poucas pintoras que alcanzou a fama pola pintura de batallas militares. Algunhas das súas máis famosas escenas proveñen das guerras napoleónicas, pero cubriu a maioría das guerras do século 19 e a Primeira Guerra Mundial. Se especializou na pintura de escenas das campañas militares británicas, entre eles a guerra de Crimea e da batalla de Waterloo. Ela escribiu sobre os seus cadros militares nunha autobiografía publicada en 1922: "Nunca pintei para a gloria da guerra, senón para retratar o seu patetismo e o heroísmo".

**Helen Beatrix POTTER***(Kensington, 1866 - Lancashire, 1943)*

Foi unha escritora e ilustradora, e naturalista británica, de literatura infantil. O seu personaxe máis famoso é Peter Rabbit. Os seus proxenitores vivían das herdanzas das súas respectivas familias. Beatrix e o seu irmán foron educados por neneiras e institutrices. Cando creceu, os seus pais encargárona do fogar, dificultando o seu desenvolvemento intelectual. Un tío intentou que ingresase como estudante nos Reais Xardíns Botánicos en Kew, pero foi rexeitada por ser muller. A base para os seus proxectos e historias foron os pequenos animais que introducía furtivamente na casa.

**Catherine GREENAWAY***(Londres, 1846 - 1901)*

Foi unha escritora e ilustradora de libros infantís inglesa. A medalla Kate Greenaway, establecida na súa honra no ano 1955, concédese anualmente polo Chartered Institute of Library and Information Professionals, o colexio profesional que representa os bibliotecarios e outros profesionais da documentación en Reino Unido, a un ilustrador de libros infantís. As súas historias eran polo xeral idílicas e agradables, cun enfoque na natureza.

**Camille CLAUDEL***(Villeneuve-sur-Fère, 1864 - Vaucluse, 1943)*

A súa é unha historia onde se mestura o talento co amor e a loucura coa arte. Seu nome transcendeu ao tempo, moi ao seu pesar, máis por ser musa e amante do escultor Auguste Rodin que polo seu talento artístico. Pero a diferenza doutros dúos musa-artista (Gala e Dalí, Modigliani e Jeanne Hébuterne), este contaba cun ingrediente que o facía máis apaixonado se cabe: ambos os dous eran creadores. Despois de romper co grande amor da súa vida e tras un período de enfermidade e encerro, pasou os últimos 30 anos da súa existencia amada.

**Janet SCUDDER***(Terre Haute, Indiana, 1869 - Rockport, Massachusetts, 1940)*

Estudou debuxo, anatomía e modelado e dedicouse ao talle de madeira. Trasladoouse a Chicago e tras un breve emprego como talladeira de madeira converteuse en asistente de estudo para o escultor Lorado Taft. Traballou en París co escultor americano Frederick MacMonnies antes de establecerse na cidade de Nova York. As súas gráciles esculturas de xardín divertidas e fontes, cos seus característicos repoludos querubíns, alegres, convertérona en moi popular. Scudder era feminista e sufraxista que marchou con frecuencia en desfiles e manifestacións.

COA COLABORACIÓN DO ALUMNADO:

Pedagogía da Expresión Musical de 4º de Educación Infantil, profesora **Rocío CHAO FERNÁNDEZ**, Matemáticas na Vida de 4º de Educación Infantil, profesora **Mª Dorinda MATO VÁZQUEZ** e Didáctica da Expresión Plástica 3º de Educación Infantil, profesores **José Mª MESÍAS LEMA** e **Roberto SUÁREZ BRANDARIZ**

Modernismo II: S.XIX

09/15

**Virginia WOOLF***(Londres, 1882 - Lewes, 1941)*

Foi unha novelista, ensaísta, escritora de cartas e de contos, editora e feminista. Considerada como unha das figuras máis relevantes do modernismo literario do século XX. Ademais foi unha figura significativa da sociedade literaria de Londres e membro do grupo de Bloomsbury. As súas primeiras novelas, *Viaxe de ida* e *Noite e día*, mostran a intención da escritora de romper os moldes narrativos herdados da novelística inglesa anterior, pero é a partir da publicación de *A señora Dalloway* e *Alfaro* cando os críticos comezaron a eloxiar a súa orixinalidade.

**Sigrid UNDET***(Dinamarca, 1882 - Noruega, 1949)*

Foi unha importante escritora que conquistou ao público coas súas interesantes novelas históricas. Ademais escribiu varias novelas de corte realista onde se pode observar como a muller é quen ten o papel protagonista e é que a súa vida e determinante para comprender a súa obra, dándolle un grado de sobriedade que espanta o sentimentalismo e, en ocasións, bordea a rudeza.

**Anna PÁVLOVA***(San Petersburgo, 1882 - La Haya, 1931)*

Aos 10 anos ingresou na Escola de Ballet Imperial Ruso. Foi unha das bailarinas que máis innovou no mundo da danza. O seu baile máis famoso foi *La morte do cisne*, arranxado para ela por Fokine, con música de Saint-Saëns. Adoítaba interpretar bailes adaptados especialmente a ela, que expresaban estados de ánimo, simbolizaban épocas ou caracterizaban flores ou criaturas: Follas de outono, Nadal, Impresións orientais, El dragón. Inspirou a toda unha xeración e estendeu o seu amor cara ao ballet por todo o mundo.

**Eileen GRAY***(Irlanda, 1878 - París, 1976)*

Foi unha das primeiras mulleres recoñecidas a nivel internacional no deseño industrial. O seu traballo como artista da laca, deseñadora de mobiliario de deseño, interiorista e arquitecta, resultou pioneiro no campo da Arquitectura Moderna e o deseño racionalista. É coñecida, especialmente, polos seus deseños con estruturas tubulares en aceiro e por adaptar as técnicas asiáticas da laca ao deseño moderno e introducir este traballo no International Style.

**Lilly REICH***(Alemania, 1885 - 1947)*

Reich comezou a súa carreira profesional como deseñadora de moda. É considerada unha das pioneiras do interiorismo. Nos anos vinte, coñeceu ó arquitecto Mies Van der Rohe, foi a súa compañeira sentimental e colaborou con el en numerosas exposicións como o Pabillón de Barcelona e a Casa Tugendhat. Durante o período no que Mies dirixiu a Bauhaus (escola de artesanía, deseño, arte e arquitectura), Reich foi mestra de interiorismo, decoración, perspectiva e xeometría descritiva.

**Irène JOLIOT CURIE***(París, 1897 - París, 1956)*

Traballou toda a súa vida no campo da estrutura do átomo e da física nuclear. Demostrou a existencia do neutrón e descubriu a radioactividade artificial. Descubriu que a radioactividade, podía ser producida polo home, construíndo elementos radioactivos mediante o bombardeo con partículas alfa dalgúns elementos químicos.

**Bárbara MCCLINTOCK***(Hartford 1902 - Estados Unidos, 1992)*

Doutorouse en Botánica e estudou o millo e as distintas variedades. Grazas a está investigación descubriu os transposóns, que eran as partes que constituían o ADN e que podían moverse e reestruturar o xenoma como resposta á presión ambiental á que se ven sometidos os organismos.

**Sofia Alexadrovna NEIMARK JANOSVKAYA***(Polonia, 1896 - Moscú, 1966)*

Esta científica soviética revolucionou as teorías matemáticas do Século XX. Entre os seus estudos sobre Lóxica cabe citar Historia da Lóxica Matemática na Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas, Teoría das fraccións en Exipto, Paradoxo de Zenón de Elea, Xeometría de Descartes e Sobre o papel do rigor matemático no desenvolvemento creativo das Matemáticas.

**Mary Lucy CARTWRIGHT***(Cambridge, 1900 - Inglaterra, 1998)*

Primeira muller matemática membro da Real Sociedade Inglesa e nomeada presidenta da Sociedade Matemática de Londres. As súas investigacións influenciaron a teoría moderna de sistemas dinámicos. O teorema de Cartwright recorre a métodos que farán avanzar a súa investigacións sobre funcións, especialmente aquelas que da lugar a fractales.

**Henrietta SWAN LEAVITT***(Massachusetts, 1868 - 1921)*

Comezou a traballar na Astronomía como voluntaria no Observatorio do Harvard College. Descubriu a relación entre o período e a luminosidade das variables Cefeidas. Aínda hoxe, eses datos, patróns e fórmulas relativas ás Cefeidas se seguen usando para estudar as distancias relativas entre as estrelas e outros obxectos estelares. A modo de homenaxe, o asteroide (5383) Leavitt e o Cráter Leavitt , na Lúa, débenlle o seu nome.

**Charlotte E. MOORE SITTERLY***(Pennsylvania, 1898 - Washington, 1990)*

Afondou na espectroscopia solar, analizando tanto as liñas espectrais do Sol como a identificación dos seus elementos. En 1945 uniuse ao National Bureau of Standards (NBS). Estendeu o seu traballo ás liñas espectrais ultravioletas, que fixo posible poñer en marcha instrumentos de foguetes. Primeira muller elixida como asociada da Royal Astronomical Society e recibiu a medalla a título póstumo en 1990 (Bruce Medallist).

**Violet OAKLEY***(Bergen Heights, New Jersey, 1874 - Filadelfia, 1961)*

Foi recoñecida na decoración mural, un campo que fora practicado exclusivamente por homes. Oakley destacou en murais e deseños de vidros de cores que abordaron temas da historia e da literatura nos estilos renacentista renacemento. Tivo un éxito temperán como ilustrador para revistas populares como The Century Magazine, semanario do mineiro, St. Nicholas Revista e da Muller Home Companion. O estilo das súas ilustracións e vidreiras reflicte a súa emulación dos prerrafaelistas ingleses.

**Gwen JOHN***(Haverfordwest, Gales, 1876 - Dieppe, Francia, 1939)*

Pintora, principalmente de retratos e estudos de figuras individuais de mulleres e nenos. Estudou na Escola Slade e na Escola de Whistler en París, onde continuou vivindo dende 1898. Amizade íntima con Rodin, Rainer Maria Rilke e Jacques Maritain. Expuxo co seu irmán Augustus John, na Galería Carfax 1903 na galería Goupil e en París, na Société des Artistes Français 1920, e o Salón de Outono de 1921; primeira exposición individual nas Galerías Novas Chenil 1926. A pesar de que viaxou a Inglaterra en ocasións, o seu traballo rara vez vese alí.

**Sonia DELAUNAY***(Terk, Ucrania, 1885 - París, 1979)*

Representou un papel fundamental no desenvolvemento do orfismo, corrente que soubo expresar tanto na pintura coma no campo do deseño de moda, tecidos e libros, entre outros. De orixe ucraína, foi confiada, con apenas cinco anos, aos seus tíos maternos de San Petersburgo, dos cales recibiu unha educación cosmopolita. As súas obras reflectiron a súa admiración polo postimpresionismo de Vincent van Gogh e Paul Gauguin, así como do fauvismo de Henri Matisse. Continuou traballando e colaborando na promoción da arte abstracta.

**Lola MORA VEGA***(El Tala, Argentina, 1866 - Buenos Aires, 1936)*

Dende os vinte anos puido estudar belas artes na provincia de Tucumán co pintor italiano Santiago Falcucci. Continúa estudos o en Roma, Italia, país onde tivo como principal mestre a Giulio Monteverde. Algunhas das súas obras resultan orixinalmente sintéticas entre o clasicismo academicista e tendencias abstractizantes que teñen visos de brutalismo (parecen case inconclusas e talladas a cicel dun modo rudo), Lola Mora acerouse ás vangardas do s. XX respresentadas en Alberto Giacometti.

**Evelyn Beatrice LONGMAN***(Winchester, Ohio, 1874 - Osterville, Massachusetts, 1954)*

Foi a primeira muller escultora membro de pleno dereito da Academia Nacional de Deseño en 1919. Asistiu á universidade Olivet en Michigan un ano, pero regresou a Chicago para estudar anatomía, debuxo e escultura. Traballando con Lorado Taft no Instituto de Arte de Chicago, obtivo o seu diploma no curso de catro anos de estudo en só dous anos. En 1901, trasladouse a Nova York, onde estudou con Hermon Atkins MacNeil e Daniel Chester French. O seu debut na escultura pública a grande escala produciuse na Feira de 1904 St. Louis.

**Imogen CUNNINGHAM***(Portland, Oregon, 1883 - San Francisco, 1976)*

Comeza o seu traballo en fotografía no ano 1901 como estudante na universidade de Washington de química fotográfica. Foi inspirada pola fotógrafa pictorialista coñecida internacionalmente Gertrude Käsebier. Durante os seus anos na universidade traballou no estudo fotográfico de Edward Sheriff Curtis, onde aprendeu a técnica da platinotipia e a retocar negativos. En 1909 recibe unha bolsa para estudar na escola superior de Dresde baixo a tutela de Robert Luther, onde realizou un estudo comparativo entre os distintos métodos da platinotipia.

**Doris May ULMANN***(New York, 1882 - 1934)*

Educada na escola privada Ethical Culture Fieldston School (unha organización social liberal que defendía o valor individual, independentemente da súa orixe étnica ou condición económica). Os seus primeiros traballos foron series de retratos de importantes intelectuais, arestas e escritores. O seu equipo era algo incómodo e pasado de moda para o seu tempo. Ullmann documentou a poboación rural do sur cun profundo respecto polos seus modelos e cunha visión de etnografía. En particular retratou os gullah de Sea Islands.

COA COLABORACIÓN DO ALUMNADO:

Pedagogía da Expresión Musical de 4º de Educación Infantil, profesora **Rocío CHAO FERNÁNDEZ**, Matemáticas na Vida de 4º de Educación Infantil, profesora **Mª Dorinda MATO VÁZQUEZ** e Didáctica da Expresión Plástica 3º de Educación Infantil, profesores **José Mª MESÍAS LEMA** e **Roberto SUÁREZ BRANDARIZ**




Oficina para a Igualdade de Xénero
Vicerreitoría do campus de Ferrol
e Responsabilidade Social
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
“O FSE inviste no teu futuro”



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Da Igualdade



Facultade CC. da Educación
Departamento de Composición
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Modernismo III: S.XIX

10/15

**Gabriela MISTRAL***(Vicuña, Chile, 1889 - New York, 1957)*

Mestra, escritora e colaboradora no diario "El Coquimbo de La Serena". Recibiu un premio nos Xogos Florais de Santiago (1914), o Premio Nobel de Literatura (1945) e o Premio Nacional de Literatura de Chile (1951).

**Nelly SACHS***(Berlín, 1891 - Estocolmo, 1970)*

Debido á persecución nazi, exiliouse a Suecia coa axuda de Selma Lagerlöf, a quen dedicou a súa primeira obra *Lendas e relatos* (1921). Recibiu o Premio da Paz (1965) e o Premio Nobel de Literatura (1966), converténdose na primeira xudía en gañalo.

**Pearl BUCK***(Hillsboro, 1892 - Vermont 1973)*

Viviu dende moi pequena en China. Ó voltar estudou Psicoloxía no Randolph Macon Womens College, licenciándose en 1914. Creou fundacións para o estreitamento de lazos entre a cultura occidental e oriental. Pola obra *A boa terra* logrou o premio Pulitzer e no 1938 foille concedido o Premio Nobel.

**Lili BOULANGER***(París, 1893 - Mez, 1918)*

Irmá menor de Nadia Boulanger, filla de Ernest, profesor no Conservatorio de París, e neta de Juliette Boulanger, afamada cantante. Estudou harmonía, piano, violín, violonchelo, arpa e composición con Paul Fidal e Georges Caussade. Gañou o primeiro premio "Prix de Rome" pola súa obra *Faust et Helene*, foi a primeira muller da historia que obtivo esta honra. As súas obras son: *Faust et Helene*, *D un matin de printemps*, *D un soir triste*, *Psalmo 24* e *Psalmo 130*.

**Nadia BOULANGER***(París, 1887 - 1979)*

Irmá de Lili Boulanger. Ingresou no Conservatorio de París. En 1904 obtivo o primeiro premio en harmonía, contrapunto, fuga, órgano e acompañamento en piano e en 1906, o segundo premio no Grande Premio de Roma de composición. Foi profesora na Escola Normal de Música (1920). Traballou no «American Conservatory of Music» de Fontainebleau e converteuse na súa directora (1950). As súas obras máis importantes son o *ciclo Les Heures claires* (1909-1912), *Pezas para piano e cello* (1915), e *Pé Jesu*.

**Anna WARGNER***(Bellefonte, 1889 - Pennsylvania, 1943)*

Primeira muller arquitecta da historia de Pensilvania. Estudou Enxeñería Mecánica no College de l'Estat de Pensilvania e Arquitectura na Universidade Cornell. Facía unha arquitectura funcional (vertedoiro actual). Conseguiu 7 patentes; destaca o material "K Brick".

**Aino MARSIO***(Helsinki, 1894 - Finlandia, 1949)*

Graduouse en Arquitectura en Helsinki. Obtivo a Medalla de Ouro de Deseño da cristalería da VI Trienal de Milán (1936). Elaborou distintos deseños, destacan a *Villa Mairea*, os deseños do *Pavillón de Finlandia na Feira Mundial de París*, da *Biblioteca de Viipuri* e do *Sanatorio Antituberculoso de Paimio*.

**Margarethe SCHÜTTE-LIHOTZKY***(Viena, 1897 - Viena, 2000)*

Arquitecta e activista da resistencia austríaca contra o nazismo. Estudante da Universidade de Artes Aplicadas de Viena. Traballou facendo xardíns de infancia, casas a estudantes, escolas e edificios similares para a comunidade. O seu traballo mais importante foi o deseño da "Cociña Frankfurt".

**María GOEPPERT-MAYER***(Katowice, 1906 - San Diego, 1972)*

Estudou Física. Escribiu un libro sobre Mecánica Estatística en colaboración co seu marido, Joseph Mayer. En Columbia (1939) traballou no Laboratorio de SAM, na separación de isótopos de uranio. En 1946, conseguiu o seu primeiro verdadeiro posto na universidade no Laboratorio Nacional de Argonne (Chicago), onde se internou na Física nuclear; desenvolveu o cálculo matemático que demostraría o modelo de capas nuclear. En 1963 outorgóuselle o premio Nobel de Física.

**Rita LEVI-MONTALCINI***(Italia, 1909 - 2012)*

Matriculouse na Facultade de Medicina de Turín en 1930. Exiliouse a Bélxica e, tras a guerra volveu a Turín. Publicou traballos en revistas internacionais que a deron a coñecer noutros países. Realizou experimentos fundamentais para o descubrimento do Factor de Crecemento Nervioso. Grazas a isto recibiu o Premio Nobel de Medicina en 1986.

**Grace MURRAY HOPPER***(New York, 1906 - 1992)*

Estudou Matemáticas e Física en Nova York. Entrou nas forzas armadas na II Guerra Mundial, como tenente. Foi reclamada en Harvard. En 1952 desenvolveu o primeiro compilador da historia, chamado A-0 e en 1957 creou o primeiro compilador para procesamento de datos que utilizaba comandos en inglés, B-0. Recibiu honores polos seus servizos e os traballos informáticos: mais de 40 doutorados honoris causa, a Medalla Nacional de Tecnoloxía, Medalla Wilbur Lucius Cross de Yale, o rango de Comodore e o de contra-almirante.

**Cecilia PAYNE-GAPOSCHKIN***(Wendover, Inglaterra 1900 - Cambridge, Inglaterra 1979)*

Estudou Botánica, Física e Química na Universidade de Cambridge. Foi a primeira persoa en obter un doutorado en Astronomía, a primeira muller profesora en Harvard e a primeira catedrática. Afirmou na súa Tese de Doutoramento que as estrelas están compostas principalmente de hidróxeno; considerada como "a máis brillante tese doutoral escrita nunca en Astronomía". Foi galardoada con numerosos premios e recoñecementos ó longo de toda a súa vida.

**Georgia O'KEEFFE***(Wisconsin, 1887 - New México, 1986)*

Estudou pintura no Instituto de Arte de Chicago e na Liga de Estudantes de Arte en Nova York. Exerceu como profesora en Amarelo, Texas en 1914, e en 1916 en Carolina del Sur. Non saíu dos Estados Unidos ata que foi anciá e por iso se lle considera a primeira artista puramente estadounidense. É coñecida principalmente polas súas paisaxes e pinturas de flores do deserto. Os seus cadros de flores interprétanse a miúdo como yónicos e os contornos esvaídos das súas obras evocan imaxes abstractas.

**Tamara de LEMPICKA***(Varsovia, 1898 - México, 1980)*

Aristócrata, excéntrica, liberal, independente, excesiva, exuberante, bisexual, diletante, fría, sofisticada, cegadora, narcisista, moderna, autoritaria, snob, insolente, enxeñosa, hedonista, desapiadada, elegante, voraz, imperiosa, cosmopolita, arrogante, depresiva, intelixente, exótica, perversa, divertida, femme fatale... Inimitable. A Greta Garbo do Art Déco. Así era Tamara de Lempicka, unha personalidade tan irresistible que eclipsou á artista.

**Louise NEVELSON***(Kiev, 1899 - New York, 1988)*

Escultora ruso-estadounidense coñecida polas súas pezas abstractas realizadas con caixas de madeira. Os seus diversos traballos das décadas de 1930 e 1940 mostran influencias que van dende as dinámicas formas contorsionadas propias do futurismo ás frías e simplificadas formas da escultura de Constantin Brancusi. A comezos da década de 1950 empezou a traballar en madeira e obtivo o seu primeiro grande éxito con *Black majesty* (1955, Museo Whitney de Arte Americano, Nova York), composición horizontal de formas xeométricas de madeira. A finais da década de 1950 comezou a producir os seus *sculptural walls*, grandes frisos de caixas ou andeis de madeira.

**Gloria SWANSON***(Chicago, 1898 - New York, 1983)*

Cando o cine sentaba as súas bases, Gloria Swanson redactou as leis do éxito: seis maridos, unha fortuna, un idilio cun Kennedy e a decadencia máis grande xamais filmada en "O crepúsculo dos deuses" son algúns logros que, 25 anos despois da súa morte, manteñen viva a súa lenda. En 1950, con 53 anos e tras ser unha das grandes divas do cine mudo, Swanson tragou o seu orgullo e fixo unha proba de cámara para a cáustica crónica que Billy Wilder preparaba sobre Hollywood. O papel de Norma Desmond merecía e ela non desperdiçou a oportunidade de forxar imaxes que pasaron aos anais da historia do cine.

**Dorothea LANGE***(Hoboken, 1895 - San Francisco, 1965)*

Foi unha influente fotoxornalista documental, mellor coñecida pola súa obra a "Gran Depresión" para a oficina de Administración de Seguridade Agraria. As fotografías humanistas de Lange sobre as terribles consecuencias da Gran Depresión convertérona nunha das xornalistas máis destacadas do fotoxornalismo mundial. Entre 1935 e 1939 Lange traballou para departamentos oficiais, sempre poñendo nas súas fotos o pobre e o marxinal, especialmente campesiños, familias desprazadas e inmigrantes. Distribuídas sen custo aos xornais nacionais.

**Berenice ABBOTT***(Springfield, 1898 - Maine, 1991)*

Como outros grandes fotógrafos, non pensou nunca dedicarse á fotografía. O seus estudos foron inicialmente a escultura e o debuxo, para o que se desprazou a Berlín e París en 1920. Traballou como asistente de laboratorio do fotógrafo surrealista Man Ray que exerceu grande influencia sobre ela. Entre os anos corenta e sesenta dedicouse intensamente á publicación de libros e ao estudo, dende a fotografía, de diferentes e variados fenómenos físicos. Impartiu clases e dedicouse á realización dos seus traballo denominados "Ciencia" e "Escenas Americanas".

COA COLABORACIÓN DO ALUMNADO:

Pedagogía da Expresión Musical de 4º de Educación Infantil, profesora **Rocío CHAO FERNÁNDEZ**, Matemáticas na Vida de 4º de Educación Infantil, profesora **Mª Dorinda MATO VÁZQUEZ** e Didáctica da Expresión Plástica 3º de Educación Infantil, profesores **José Mª MESÍAS LEMA** e **Roberto SUÁREZ BRANDARIZ**

Décadas centrais I: S.XX

11/15

**Doris LESSING***(Kermanshah, Persia, 1919)*

Criada en Zimbawe, coñece a discriminación racial e vive a frustración de non poder cumprir os seus desexos. Aos 13 anos abandona os estudos e coñece a obra de autores como Dickens, Stendhal ou Stevenson, que lle serven de "mestres" para a súa obra. En 1954 abandona o comunismo. Escribiu obras marcadas polas súas ideas liberais, anticolonialistas, feministas e a denuncia da segregación racial, causa pola que é expulsada de África do sur e onde regresa corenta anos máis tarde sendo gratamente recibida.

**Nadine GORDIMER***(Gauteng, Sudáfrica, 1923)*

Escritora sudafricana autora de relatos curtos e novelas, convértese na primeira muller africana que recibe un Nobel de literatura. Nos seus libros, trata principalmente os conflitos interétnicos e o apartheid. A súa obra literaria- oito novelas e numerosos relatos- é considerada a principal representante da actual literatura sudafricana por centrarse nos temas morais e sociais do seu país. Por este motivo, varias das súas obras foron prohibidas polas autoridades sudafricanas.

**Alma ROSÉ***(Viena, 1906 - Auschwitz, 1944)*

Violinista e directora de orquestra. Tras a anexión de Austria, exiliase en Inglaterra. A paixón de Alma pola música levouna a aceptar un concerto en Holanda, do cal xamais regresou. Estaba entre o pequeno número de mulleres "seleccionadas" para o Bloque Experimental no campo principal de Auschwitz, pero alí pronto se converteu na directora dunha orquestra de mulleres, que se converteu na única razón de ser e o que a mantiña corda. Esta orquestra salvou a moitas mulleres do exterminio.

**Grazyna BACEWICZ***(Varsovia, 1909 - 1969)*

Compositora e violinista polaca. En 1928 iniciou os seus estudos oficiais no Conservatorio de Varsovia graduándose en 1932 como violinista e compositora. Continuou a súa formación musical en París. Durante 30 anos foi a violinista principal da Polish Radio Orchestra, onde estreou moitas das súas obras. Durante a 2ª G.M continuou compoñendo e deu concertos clandestinos. A súa carreira foi derivando a compositora, faceta á que se dedicou en exclusiva a partir dun accidente en 1954.

**Charlotte PERRIAND***(París, 1903 - 1999)*

Deseñadora francesa, unha das primeiras mulleres en destacar neste ámbito. Realizou numerosas pezas de mobiliario moi famosas hoxe en día. Deuse a coñecer con 24 anos, cando expuxo o seu "Bar baixo o tellado"

**Matilde UCELAY MAÓRTUA***(Madrid, 1912 - 2008)*

Primeira muller titulada en arquitectura en España. En 1937 chegou a ser secretaria do Colexio de Arquitectos de Madrid; foi destituída polos seus ideais. En todas as súas obras destaca a sensibilidade polo uso e coidado dos detalles construtivos.

**Rita FERNÁNDEZ QUEIMADELO***(A Cañiza, Pontevedra, 1911 - Barcelona, 2008)*

Segunda muller española coa titulación de arquitecto e a primeira galega. Foi pioneira na incorporación do seu sexo á formación universitaria, que se iniciaba naquela época en estudos superiores de Farmacia, Filosofía, Letras e Ciencias

**Virginia APGAR***(New Jersey, 1909 - 1974)*


Investigadora en electricidade e ondas de radio. En 1929, entrou no Colexio de Cirurxiáns da Universidade de Columbia en Nueva York, para estudar Medicina graduándose no 1933. En 1953 presentou a primeira proba para avaliar a saúde dos recente nados, denominada proba Apgar. En 1960 foi directora da división de malformacións conxénitas da Fundación Nacional. Publicou máis de 60 artigos científicos, innumerables artigos para a prensa popular e "Is My Baby All Right?"

**Dorothy CROWFOOT HODGKIN***(O Cairo, 1910 - Reino Unido, 1994)*

Desenvolveu a técnica de difracción de Raios X para aplicala na busca da estrutura exacta das moléculas e, principalmente, das moléculas orgánicas complexas. Determinou, en 1945 e 1954 respectivamente, a estrutura do antibiótico penicilina e da Vitamina B12. En 1969 descubriu a estrutura cristalina da insulina. Considérase que foi a pioneira na técnica de determinación de estruturas de substancias de interese bioquímico mediante Raios X.

**EMMA CASTELNUOVO***(Roma, 1914)*

Estudou no Instituto Matemático da Universidade de Roma, onde obtivo a Licenciatura en Matemáticas en 1936. En 1944 obtén a cátedra nunha Escola Estatal de Ensino Secundario de Primeiro Ciclo. Ao longo da súa vida, mantén unha constante relación ca Decroly e co matemático Paul Libois. No ano 1944 organiza un ciclo de conferencias sobre o ensino da Matemática. En 1950 nace a C.I.E.A.E.M. (Comisión Internacional para o Estudo e Mellora do Ensino da Matemática); e é nomeada membro de dita Comisión en 1951.

**JULIA BOWMAN ROBINSON***(San Luis Missouri, 1915 - 1985)*

Enfermiza e con dificultades na fala superou a E. Primaria na casa. Fixo os seus estudos universitarios na Universidade de California, Berkeley, recibindo o doutorado en 1948. En 1976 foi elixida 1ª muller membro da división de Matemáticas da Academia Nacional de Ciencias de Estados Unidos. En 1982 a Asociación de Mulleres en Matemáticas dedicoulle a Conferencia Noether. En 1983 concedéuselle o premio McArthur. Foi a primeira muller en ser presidenta da Sociedade Americana de Matemáticas.

**Paris PISMIS***(Istambul, 1911 - México, 1999)*

Foi o primeiro astrónomo, home ou muller, con formación profesional que tivo México. Publicou numerosos estudos acerca de cúmulos estelares, tanto abertos como globulares. Propuxo unha explicación para a estrutura das galaxias espirais e dedicou boa parte dos seus anos ao estudo da dinámica estelar. Introduciu en México a técnica observacional coñecida como interferometría Fabry-Perot.

**Maruja MALLO***(Vivero, 1902 - Madrid, 1995)*

Ingesa na Academia de Belas Artes e empeza a relacionarse coa nova xuventude de poetas e artistas que irrompen na escena española, algúns deles conformarían a Xeración do 27. Coñece a Salvador Dalí e á poetisa Concha Méndez, que a introducen no círculo da Residencia de Estudantes, onde estreita lazos de amizade e camaradería con Lorca, Buñuel e en especial con Rafael Alberti. Maruja crea a súa propia linguaxe artística, atenta aos ecos das distintas vangardas que empezan a chegar a España -futurismo, surrealismo, cine- e cos ollos abertos á arte popular.

**Julia MINGUILLÓN***(Lugo, 1906 - Madrid, 1965)*

Sentiu unha innegable proximidade polo natural, por iso ao retratar os seus familiares buscou a espontaneidade do movemento, o casual e azaroso da imaxe. Isto achegouna máis ao cotián, á descrición poética do seu propio ámbito. Por outro lado, explorou unha tendencia primitivista, con *La nena* e *a bolboreta* quedou demostrada certa admiración polas esculturas negras e as figuras polinesias. Non obstante, aínda que abordou o mundo do primitivismo, nunca abandonou a súa preocupación pola cor.

**Dorothy DEHNER***(Cleveland, 1901 - New York, 1994)*

Estudou danza moderna. En 1922 trasladouse a Nova York para estudar na Academia Americana de Arte Dramática. Unha viaxe a Europa en 1925, brindou a oportunidade de ver a obra de importantes artistas modernos como Picasso e Matisse, o que a inspirou a seguir unha carreira como artista, cun forte interese na escultura. En 1952 Dehner comezou a traballar coas formas tridimensionais. Durante os anos 1950 e 1960 fixo escultura en bronce. Co tempo comezou a traballar coa madeira, experimentando coas súas formas e a incorporación de elementos irregulares.

**Barbara HEPWORTH***(Wakefield, 1903 - St. Ives, 1975)*


Nun principio realizaba unhas esculturas figurativas en pedra, representacións humanas ou animais, influenciada pola obra de Brancusi. En 1931 encontra ao pintor Ben Nicholson co que casará máis tarde. Os dous elaboran unha arte de abstracción total e manteñen unha estreita relación con artistas parisienses como Braque, Brancusi e Mondrian. Hepworth namórase da paisaxe de Cornouailles e Saint Ives convértese no seu lugar de residencia para o resto dos seus días. Hepworth comeza a interesarse polos monólitos.

**Marlene DIETRICH***(Schöneberg, 1901 - París, 1992)*

Dende a súa temperá adolescencia Marlene, que estudara canto e música na súa infancia, encamiñou os seus pasos cara ao mundo do espectáculo-negocio traballando en espectáculos de cabaré. Marlene acudiu a clases de interpretación co prestixioso Max Reinhardt, debutando na pantalla grande con "*Der Kleine Napoleon*" (1923).

**Greta GARBO***(Södermalm, 1905 - New York, 1990)*

O seu precoz retiro con apenas 36 anos contribuíu a engrandecer a lenda de La Garbo. O American Film Institute considéraa a quinta estrela feminina máis importante da historia do cine. Foi coñecida cos alcumes de «A divina» e «A muller que non ri» debido ao ricto serio do seu rostro.

**Ana MAGNANI***(Roma, 1908 - 1973)*

Laureada actriz italiana de cine e teatro, gañou o Óscar de la Academia de las Artes e as Ciencias Cinematográficas de Hollywood, o Premio BAFTA e o Globo de Ouro pola súa actuación na película *La rosa tatuada*. Gañou en cinco oportunidades o Nastro d'argento e a Copa Volpi.

**Elisabeth LEE MILLER***(Poughkeepsie, 1907 - Chidingly, 1977)*

O seu pai, de ascendencia alemá, era afeccionado á fotografía e con frecuencia utilizou a súa filla como un modelo para as súas fotografías, entre as que se encontran bastantes nus realizados coa técnica estereoscópica. Nos anos 1920 foi unha exitosa modelo na cidade de New York, ata que foi a París e se converteu en fotógrafa artística.

**Dora MAAR***(Tours, 1907 - París, 1997)*

Henriette Theodora Markovitch foi unha artista plástica, pintora, fotógrafa e escultora francesa. Estudou na Academie Lothe onde coñeceu a Henri Cartier-Bresson un ano máis novo ca ela e que aínda non se convertera nun dos mellores fotógrafos. Foi en 1949 cando este a definiu como unha fotógrafa notable.

**Hansel MIETH***(Oppelsbhom, 1909 - California, 1998)*

A inmigrante alemá Hansel Mieth converteuse nunha reporteiro gráfico pioneira. Decidiu esquivar o movemento nacional-socialista e dirixiuse a San Francisco en 1931. Foi no medio da Gran Depresión: a xente estaba sen traballo. Empezou a enfocar as súas cámaras á vida cotiá das persoas pobres.

COA COLABORACIÓN DO ALUMNADO:

Pedagogía da Expresión Musical de 4º de Educación Infantil, profesora **Rocío CHAO FERNÁNDEZ**, Matemáticas na Vida de 4º de Educación Infantil, profesora **Mª Dorinda MATO VÁZQUEZ** e Didáctica da Expresión Plástica 3º de Educación Infantil, profesores **José Mª MESÍAS LEMA** e **Roberto SUÁREZ BRANDARIZ**

Décadas centrais II: S.XX

12/15

**Wislawa SZYMBRSKA***(Kórnik, 1923 - Cracovia, 2012)*

Estudou filoloxía e socioloxía despois da Segunda Guerra Mundial na Universidade Jagellónica e, de seguido, iniciou a súa andaina literaria. Publicou 16 coleccións de poesía. A súa obra foi traducida a varios idiomas.

**Toni MORRISON***(Ohio, 1931)*

É membro da Academia Americana das Artes e das Letras, e do Consello Nacional das Artes. Pese a que a súa primeira novela, *Ollos azuis*, a editou cando contaba case con corenta anos, a partir deste momento non parou de escribir.

**María CALLAS***(New York, 1923 - París, 1977)*

Foi unha soprano americana de orixe grego. É considerada a cantante de ópera máis importante do século XX. Coñecida como «a Divina» (como anteriormente Claudia Muzio), o seu nome está asociado a Onassis, o gran amor da súa vida. O seu estilo revolucionou os usos e costumes dos grandes divos e divas da súa época.

**Sofia GOBAIDULINA***(Chistopol, 1931)*

O seu interese por encontrar afinacións diferentes provocou que fose considerada unha compositora "irresponsable", recibindo tan só o apoio de Shostakovich, quen lle aconsellou que continuase no seu "camiño erróneo". A fama de Sofia empezou a estenderse cando Gidon Kremer estrenou o seu concerto para violín *Offeritorium* a principios dos anos oitenta. Nesta época empezou a estruturar a forma das súas obras empregando a serie de Fibonacci, como se pode apreciar en *Perception, Im Anfang war der Rhythmus, Quasi hoketus*,...

**Lina BO BARDI***(Roma, 1914 - Sao Paulo, 1992)*

Paradigma da arquitectura modernista en Brasil. En 1948 inaugurou na capital Paulista xunto ao arquitecto Guian Carlo Pallatini o Estudio de Arte Palma onde presentaron varios proxectos modernos con deseños atrevidos.

**Anne TYNG***(Jiangxi, 1920 - Greenbrae, 2011)*


Foi una das primeiras mulleres en acceder a estudos universitarios de Arquitectura en Harvard e a primeira en recibir un Máster en Arquitectura en dita Universidade.

**Alison SMITHSON***(Sheffield, 1928 - 1993)*

Arquitecta e deseñadora pertencente ao movemento vangardista británico xunto co seu home, o tamén arquitecto, Peter Smithson. En canto aos proxectos destaca a ampliación da casa de Lord Kennet, a urbanización *Robin Hood Gardens* e as escolas de arquitectura e enxeñería da Universidade de Bath.

**Gertrude B. ELION***(New York, 1918 - Chapel Hill, 1999)*

Graduouse en bioquímica no Hunter Collage de Nova York no ano 1937. No ano 1939 era a única muller na escola de graduados da Universidade de Nova York. Hitchings e Elion conseguiron obter fármacos eficaces contra a leucemia, a gota, as infeccións urinarias, a malaria, o herpes viral e diversas enfermidades autoinmunes.

**Rosalind FRANKLIN***(Kensington, 1920 - Chelsea, 1958)*

Graduouse na Universidade de Cambridge en 1941. Fixo estudos fundamentais de microestruturas do carbón e do grafito. Recórdase principalmente pola chamada Fotografía 51, a imaxe do ADN obtida mediante difracción de raios X que serviu como fundamento para a hipótese da estrutura dobre helicoidal do ADN.

**María Josefa WONENBURGER***(A Coruña, 1927)*


Converteuse na primeira española en recibir a axuda Fulbright do Instituto de Educación de EE.UU para estudar na Universidade de Yale, realizando estudos de Matemáticas. Foi nomeada pola Universidade da Coruña Doutora Honoris Causa, con esta distinción a UDC recoñece a grandiosa labor realizada por María no campo da Matemática.

**Vivienne MALONE-MAYES***(Texas, 1932 - 1995)*

Estudou en Fisk University en Nashville en 1948 coa intención de obter un grao en medicina, pero o seu home convenceuna para que estudase matemáticas. En 1966 tras doutorarse e recibir un galardón pola súa tese, ofrecéronlle unha cátedra na Universidade de Baylor en Waco. Converteuse así na primeira muller negra membro do corpo docente na Universidade de Baylor. Foi a primeira persoa de raza negra elixida para o Comité Executivo da Asociación para a Muller en matemáticas e traballou na Xunta de Directores da Asociación Nacional de Matemáticos.

**Margaret BURBIDGE***(Inglaterra, 1919)*

Naceu nunha familia de científicos. Comezou a súa actividade en Astronomía no ano 1940, durante a Segunda Guerra Mundial. Conxuntamente co seu esposo, fixo notables contribucións á teoría dos quasares e ó entendemento de como os elementos son formados no interior das estrelas mediante fusión nuclear (nucleosíntesis).

**Leonora CARRINGTON***(Lancashire, Inglaterra, 1917 - Ciudad de México, 2011)*

En 1936 ingresa na academia de Amédée Ozenfant onde realiza estudos de debuxo e pintura. En 1937 coñece a Max Ernst co que marcha a París e a introduce no círculo dos surrealistas, estilo do que será unha grande intérprete. Un ano máis tarde expón cos surrealistas en París e Amsterdam. Ao comezo da II Guerra Mundial marcha a España e Portugal, onde coñece o diplomático mexicano Renato Leduc, amigo de Pablo Picasso, con quen casa en 1941 e viaxa a Nova York.

**María Antonia DANS***(Oza de los Ríos, 1922 - Madrid, 1988)*

Na súa pintura recreou o mundo galego da súa infancia, apacible e gozoso. Asistiu a clases no Círculo de Belas Artes e a finais dos 50 realizou varias exposicións en Madrid (Ateneo, Sala do Prado e Dirección Xeral de Belas Artes. Pintou murais para o diario Pobo, o Hotel Wellington, o concello de Ribadelago, a igrexa de Meirás e o hotel de Bayona. Obtivo os premios Vila de París (1963), Unicef e Repeso (1970). Tamén gozou de bolsas da Fundación Juan March e do Ministerio de Educación e Cultura.

**Anne TRUITT***(Baltimore, 1921 - Washington, 2004)*

Estudou escultura durante un ano académico no Instituto de Arte Contemporánea de 1949, en Washington, DC, seguido de tres meses no Dallas Museum of Fine Art. Despois deste adestramento formal, traballou en arxila, molde en cemento e xeso, experimentando con diversas técnicas, incluíndo a soldadura de aceiro. En 1961 Truitt comezou a traballar no estilo da que máis tarde sería coñecido: pinta varias capas delicadas de cor que se caracterizan por variacións sutís en construcións de madeira que se fabricou de acordo con debuxos a escala.

**Toshiko TAKAEZU***(Hawaii, 1922 - Honolulu, 2011)*

Estudou no Museo de Arte de Honolulu e no da Universidade de Hawaii. Continuou os seus estudos na Academia de Arte Cranbrook en Bloomfield Hills, Michigan, onde se fixo amiga da ceramista finlandesa Maija Grotell, quen se converteu na súa mentora. En 1955, viaxou a Xapón, onde estudou o budismo e as técnicas tradicionais da cerámica xaponesa, que seguen influindo no seu traballo. Foi profesora durante dez anos no Instituto de Arte de Cleveland, e logo dende 1967 ata 1992, na Universidade de Princeton, onde obtivo un doutorado honorario.

**Katherine HEPBURN***(Hartford, 1907 - Fenwick, 2003)*

A pelirroxa indomable combateu contra os arquetipos femininos dentro e fóra da pantalla durante toda a súa vida. O seu estilo foi unha das súas mellores armas para declarar a súa independencia, subverter as normas e alzarse antes que ninguén como a raíña do casual chic.

**Bette DAVIS***(Massachusetts, 1908 - Neuilly-sur-Seine, 1989)*


Foi unha actriz estadounidense de cine, televisión e teatro. Destacada pola súa boa disposición para interpretar personaxes antipáticos, era altamente estimada polas súas actuacións que abranguían unha ampla gama de xéneros cinematográficos, dende melodramas a filmes históricos e, ocasionalmente, comedias.

**Ingrid BERGMAN***(Estocolmo, 1915 - Londres, 1982)*

Foi a primeira actriz en obter 3 Óscar -igualada por Meryl Streep no ano 2012 e só superada por Katharine Hepburn con catro figuras- e 5 Globos de Ouro, ademais de ser a primeira gañadora do Premio Tony (Antoinette Perry Award) polo seu labor no teatro en Broadway. Considerada como un dos mitos do sétimo arte.

**Barbara MORGAN***(Buffalo, Kansas, 1900 - New York, 1992)*

Estudou pintura na Universidade de California. Despois de ensinar na San Fernando High School traballou en UCLA, onde coñeceu ao fotógrafo Willard D. Morgan, con quen casou. O seu interese pola fotografía espertouse ó considerar unha exposición de Edward Weston. Despois de 1930 trasladouse a Nova York, continuando cos seus debuxos e pinturas, expoñendo en Philadelphia, en 1934. Uniuse á Photo League, e en 1935 encontreuse con Martha Graham e durante varios anos fotografou Graham e outros bailaríns, incluíndo a Merce Cunningham.

**Gerda TARO***(Stuttgart, 1910 - El Escorial, 1937)*

Chamábase en realidade Gerta Pohorylle e era filla de xudeus polacos. Dende moi nova entrou a formar parte de movementos socialistas e obreiros. Por iso coa chegada dos nazis ao poder, decidiu fuxir cunha amiga a París. Alí coñeceu, por casualidade, a André Friedman, un xudeo húngaro que intentaba gañarse a vida como fotógrafo. Gerda e André fixéronse noivos, e André ensinoulle a Gerda os seus coñecementos de fotografía. Como non lles ían ben as cousas ocorréselles unha curiosa idea. Inventarían un personaxe chamado Robert Capa.

COA COLABORACIÓN DO ALUMNADO:

Pedagogía da Expresión Musical de 4º de Educación Infantil, profesora **Rocío CHAO FERNÁNDEZ**, Matemáticas na Vida de 4º de Educación Infantil, profesora **Mª Dorinda MATO VÁZQUEZ** e Didáctica da Expresión Plástica 3º de Educación Infantil, profesores **José Mª MESÍAS LEMA** e **Roberto SUÁREZ BRANDARIZ**

Décadas centrales III: S.XX

13/15

**Ana María MATUTE***(Barcelona, 1925)*

Na actualidade é a escritora de máis prestixio das letras españolas. Galardoada en numerosas ocasións, entre os seus recoñecementos ten o premio Nacional das Letras, é membro da Real Academia Española, onde ocupa o asento k, ademais de ser a terceira muller en recibir o Premio Cervantes (2010). Estivo nominada para o Premio Nobel de Literatura en 1976, sendo a súa candidatura, segundo a academia sueca, a máis importante xunto á de Alexandre.

**Elfriede JELINEK***(Mürzzuschlag, 1946)*

É unha autora teatral, novelista e ensaísta austríaca. Foi a décima muller galardoada co premio Nobel (2004) e a primeira muller alemá en conseguilo. Escribindo tanto novelas, como teatro, ensaios e poesía. A súa primeira novela foi *Las Amantes* (1975). Non obstante, a súa obra máis coñecida é *El pianista* (1983), que foi levada ao cine polo director Michael Haneke en 2001. O seu traballo denota unha profunda crítica social, facendo especial referencia ao mundo feminino.

**Montserrat CABALLÉ***(Barcelona, 1933)*

Aos 11 anos empezou a súa formación musical no conservatorio de Barcelona. O seu éxito internacional iniciouse en 1965 no Carnegie Hall, cando tivo que substituír a Marilyn Horne na Lucrecia Borgia de Donizetti: a súa actuación supuxo unha ovación de 25 minutos. Entre os seus galardóns cabe salientar a Medalla de Oro del Gran Teatre del Liceu (1996), o "Premio Grammy" á mellor interpretación vocal solista de música clásica (1968) entre outros máis. No 2003 recibiu o Premio Nacional de Música que concede a Generalitat de Cataluña.

**Betsy JOLAS***(París, 1926)*

En 1940 viaxou aos Estados Unidos, onde recibiu clases de harmonía con Paul Boepple, órgano con Carl Weinrich e piano con Hélène Schnabel, ata obter o diploma en Bennington College. En 1946 regresou a París para rematar s seus estudos no Conservatorio Nacional Superior de París. A súa obra xira en torno á voz baixo todas as súas formas: a voz falada, poética, declamada, cantada e instrumental sempre marabillou a Betsy. Recibiu numerosos premios, como o «Concurso Internacional de jóvenes directores de Besançon» en 1953.

**Denise SCOTT BROWN***(Rodesia, 1931)*

Comezou os seus estudos de arquitectura na Universidade de Witwatersrand. En 1960 uniuse á firma de Venturi & Rauch de Robert Venturi, o seu esposo. En 1972 ambos escriben con Steven Izenour, *Aprendendo de Las Vegas: O Simbolismo Esquecido da Forma Arquitectónica*.

**Milagros REY***(Madrid, 1930)*

Coñecida como Lalos Rey é unha das primeiras arquitectas galegas. A súa primeira obra pública foi a edificación do Polígono de Elviña, un barrio da Coruña creado para realoxar familias desfavorecidas. Nos seus proxectos destaca a construción da Torre Dourada, coñecida como Torre dos Mestre, o primeiro rañaceos da cidade herculina.

**Valentina TERESHKOVA***(Máslennikovo, 1937)*

Foi a primeira muller en viaxar ao espazo exterior. A idea de incorporar unha muller nunha viaxe ao espazo respondeu fundamentalmente a unha estratexia de propaganda política comunista. Despois de realizar a viaxe ao espazo, estudou na Academia da Forza Aérea de Zhukovski.

**Jeane. Semmet***(New York, 1928)*

Científica e informática creadora da FORMAC (linguaxe de programación). A súa carreira está marcada pola publicación de "Linguaxes de programación: Historia e Fundamentos" en 1969. En 1977, foi elixida membro da Academia Nacional de Enxeñería.

**Rosalind YALOW***(Bronx, New York, 1921 - 2011)*

Foi a primeira muller que se doutorou na Universidade de Illinois en 1941. En 1953 descubríron o Radio Imuno Ensayo que supuxo unha revolución científica para medir a cantidade de insulina no sangue de persoas adultas que padecen diabetes. O 13 de outubro de 1977 gañou o Premio Nobel de Medicina polos seus achados.

**Jimena María Francisca Emilia FERNÁNDEZ DE LA VEGA E LOMBÁN.***(Vega de Ribadeo, Asturias, 1895)*

Estuda a carreira de Medicina e xunto coa súa irmá Elisa foron as primeiras mulleres licenciadas pola Universidade de Santiago de Compostela. Concedéuselle o Premio Azbeitua pola Academia Médica Cirúrxica.

**Argelia VÉLEZ-RODRIGUEZ***(La Habana, Cuba, 1936)*

Gran habilidade en matemáticas dende tenra idade, gañou un concurso de aritmética na escola aos nove anos e graduouse no Instituto de Marianao en 1955.

En 1962 impartiu ensinanza de Matemáticas e Física no Texas College e 18 anos máis tarde foi nomeada directora do Programa de Fundación Nacional das Minorías étnicas de EE.UU no Departamento de Educación.

En 1970 involucrouse nos programas de ensino das Ciencias da National Science Foundation.

**Vera COOPER RUBIN***(Filadelfia, 1928)*


Astrónoma estadounidense, pioneira na medición da rotación das estrelas dentro dunha galaxia. Solicitou ser admitida na Universidade de Cornell, onde estudou Física. Logo de obter o seu Bachelor of Arts de la Universidad de Vassar en 1948, tratou de inscribirse na Universidade de Princeton, pero nunca recibiu o seu catálogo de graduada, non se permitiron mulleres no programa de estudos graduados de Astronomía ata 1975. Solicitou ser admitida na Universidade de Cornell, onde estudou Física baixo a dirección de Philip Morrison, Richard Feynman e Hans Bethe. Tras estes estudos, obtivo o magister en 1951. En 1954 obtivo o PhD na Universidade de Georgetown, baixo a condución de George Gamow. Actualmente, é astrónoma investigadora na Carnegie Institution de Washington, membro da Academia Nacional de Ciencias de Estados Unidos e da Academia Pontificia das Ciencias.

**Frida KHALO***(Coyoacán, 1907 - 1954)*

Aínda que se moveu no ambiente dos grandes muralistas mexicanos do seu tempo e compartiu os seus ideais, Frida Kahlo creou unha pintura absolutamente persoal, inxenua e profundamente metafórica ao mesmo tempo, derivada da súa exaltada sensibilidade e de varios acontecementos que marcaron a súa vida. Aos dezaioito anos Frida Kahlo sufriu un grave accidente que a obrigou a unha longa convalecencia, durante a cal aprendeu a pintar, e que influíu con toda probabilidade na formación do complexo mundo psicolóxico que se reflicte nas súas obras.

**Yayoi KUSAMA***(Japón, 1929)*

Ben coñecida polo seu uso de patróns densos de lunares e as redes, así como polos seus intensos ambientes de grande escala, Yayoi Kusama traballa nunha variedade de medios, incluíndo a pintura, debuxo, escultura, cine, performance e instalación. Chegou a Estados Unidos en 1957 e rapidamente encontrouse no epicentro da New York vanguardista. Despois de alcanzar a fama a través de exposicións innovadoras e arte "happenings", regresou ao seu país natal en 1973 e agora é un das máis destacados artistas contemporáneos de Xapón.

**Lin EMERY***(New York, 1928)*

Emery di: "A escultura está a vivir, é vital, é cambiante. Mesmo cando vostede camiña arredor dela, pode ser algo diferente. O debuxo é unha reflexión e coordinación de ollos e mans, pero a escultura é a súa mente e unha idea. As miñas esculturas son cinéticas e forzas da natureza (vento, auga, imáns) que se poñen en marcha. As formas derívanse da natureza e a danza faise eco do movemento que vemos a noso arredor. Os elementos están unidos entre si, cada un influíu nos outros, de modo que a coreografía que realizan é variada e non ten fin".

**Magdalena ABAKANOWICZ***(Varsovia, 1930)*

Figura destacada da escola polaca do tapiz. Nas súas composicións, nas que xuntou elementos procedentes das correntes estéticas en voga, recorreu a miúdo a elementos escultóricos. A súa orixinalidade radica no traslado dos seus coñecementos sobre tapizaría á escultura a partir duns experimentos realizados na década dos sesenta. As súas obras, verdadeiros ambientes nos que as repeticións de formas alusivas á cabeza, tórax ou multitudes, son representadas en tonalidades escuras, confiren unha dimensión dramática.

**Marilyn MONROE***(Los Ángeles, 1926 - 1962)*


Foi unha actriz de cine, cantante e modelo estadounidense. Co paso do tempo, chegou a ser unha das actrices máis famosas de Hollywood e un dos principais símbolos sexuais de todos os tempos. O seu recoñecemento mundial comezou a desenvolverse despois de que protagonizase o musical "Los cabaleiros prefírenas louras".

**Grace KELLY***(Filadelfia, 1929 - Mónaco, 1982)*


Foíse a Nova York onde traballou como modelo e estudou interpretación na Academia Nacional de Arte Dramática. Na súa curta carreira cinematográfica, Kelly foi unha das actrices favoritas de Hitchcock, con quen traballou en tres películas. En 1954, aos 25 anos, gañou un Óscar á mellor actriz principal por "A angustia de vivir".

**Audrey HEPBURN***(Bélgica, 1929 - Suíza, 1993)*

A súa delgada e alta figura favoreceu a súa introdución no mundo da moda. Despois da moda o seguinte obxectivo de Audrey foi o cine. A súa elegancia e aparencia distinguida foron moi ben aproveitadas en películas de corte romántico como "Sabrina" (1954) de Billy Wilder.

**Helen LEVITT***(New York, 1913 - Manhattan, 2009)*

Considerada unha das grandes fotógrafas do século XX, a súa obra máis coñecida é en branco e negro e no xero documental. Pero tamén fixo, nas últimas décadas da súa vida, fotografía en diapositivas en cor. Nacida en Nova York, retrata as rúas e os habitantes da cidade, sobre todo dos nenos. Aluma de Walker Evans e de Cartier-Bresson. Tivo o seu contacto co cine e o documental a finais dos anos 1940 influenciada por Luis Buñuel. A súa obra céntrase basicamente na cidade de Nova York, aínda que tivo unha saída a México, que quedo reflectida nun libro.

**Diane ARBUS***(New York, 1923 - Greenwich Village, 1971)*

Comezou na publicidade e a fotografía de moda. Durante as súas andanzas en Nova York, comezou a tomar fotografías de persoas que encontraba. Visitou hoteis de mala morte, parques públicos, depósitos de cadáveres e outros lugares. Estas imaxes inusuais tiñan unha prima de calidade e varias delas encontraron o seu camiño na edición de xullo de 1960 da revista Esquire. A mediados da década de 1960, Diane Arbus convertérase nunha fotógrafa ben recoñecida, participando en exposicións no Museo de Arte Moderna da Cidade de Nova York entre outros.

COA COLABORACIÓN DO ALUMNADO:

Pedagogía da Expresión Musical de 4º de Educación Infantil, profesora **Rocío CHAO FERNÁNDEZ**, Matemáticas na Vida de 4º de Educación Infantil, profesora **Mª Dorinda MATO VÁZQUEZ** e Didáctica da Expresión Plástica 3º de Educación Infantil, profesores **José Mª MESÍAS LEMA** e **Roberto SUÁREZ BRANDARIZ**

Actualidade I

14/15



Susan SONTAG

(*New York, 1933 - 2004*)

Novelista e ensaísta estadounidense. Aínda que se dedicou principalmente á súa carreira literaria e ensaística, tamén exerceu a docencia e dirixiu películas e obras teatrais. Sempre intentou facer pensar dende outro punto de vista. As súas ideas nalgún momento apareceron como radicalizadas. No século XXI criticou as invasións de EUA en medio Oriente, e preguntouse se o atentado ás Torres Xemelgas de 11-S non tería que ver coa política exterior.



Isabel ALLENDE LLONA

(*Lima, 1942*)

Os seus enormes éxitos en vendas fan que sexa considerada a escritora de lingua española máis lida, pese á controversia que suscita a súa obra. É Premio Nacional de Literatura de Chile 2010, e Membro da Academia Estadounidense das Artes e das Letras dende o ano 2004. Tamén está en posesión do Premio Hans Christian Andersen desde o ano 2011.



Anna BOFILL LEVÍ

(*Sabadell, 1944*)

É compositora e doutora en arquitectura dende 1974. Desenvolveu a súa carreira musical entre 1950 e 1961. En 1992, iniciouse na música electroacústica e logo na de ordenador. En 2009 recibiu a medalla ao traballo *Presiden Macià* da Generalitat de Catalunya.



Nicola Le FANU

(*Ingllaterra, 1947*)

Estudou en Oxford, formouse no Royal college of Music de Londres. Gañou o Cobbett Prize, obtivo o Gulbekian Dance Award e recibiu a bolsa Mendelssohn. É doutora Honoris Causa polas Universidades de Durham, Aberdeen e a Open University. Actualmente é mestra de música na Universidade de York.



Kaija SAARIAHO

(*Helsinki, 1952*)

Estudou na Universidade de Arte Industrial en Helsinki, na Academia Sibelius e rematou os estudos en Friburgo e no IRCAM. Obtivo moitos premios internacionais (o Prix Italia por *Stilleben*, o premio *Ars Electrónica*,...). Dende finais dos noventa foi cambiando cara a posicións máis melódicas.



Susana TORRE

(*Puan, Buenos Aires, 1944*)

En 1980 foi seleccionada para representar a Estados Unidos na Exposición Internacional de Arquitectura de Venecia. Ao longo da súa traxectoria recibiu numerosos galardóns, destacar os outorgados polo Fondo Nacional para as Humanidades e os concedidos polo Fondo Nacional das Artes.



Zaha HADID

(*Bagdad, 1950*)

Realizou algúns proxectos como: a Estación de Bombeiros Vitra (1993) en Weil am Rhein (Alemaña), o Centro de Arte Contemporánea Rosenthal (1998). Outros traballos moi importantes en deseño de interiores son o Mind Zone no Domo do Milenio de Londres. España, en 2005 gañou o concurso para a construción do Pavillón Ponte da Exposición Internacional 2008 de Zaragoza. Traballa na renovación e reestruturación de Bilbao.



Valerie Jane MORRIS GOODALL

(*Londres, 1934*)

Dende pequena soñou sempre con viaxar a África, vivir e escribir libros sobre animais. As súas observacións sobre a conduta instrumental dos chimpancés, os hábitos de caza, a estrutura social, as emocións, intelixencia e personalidade individual revolucionaron a Bioloxía e a percepción dos chimpancés e ata dos mesmos Homo Sapiens. Foi galardoada co Premio Príncipe de Asturias de Investigación Científica e Técnica en 2003.



Christiane NÜSSLEIN-VOLHARD

(*Magdeburg, 1942*)

Bióloga alemá, conduciu un espectacular proxecto de mutaxénese a grande escala que iluminou o programa de desenvolvemento embrionario da mosca da froita. O seu estudo e as súas interaccións aportaron importantes novas percepcións no desenvolvemento temperá da *Drosophila*. De xeito especial nos mecanismos que subxacen aos segmentos corporais. Isto orixinou estudos sobre segmentación en mamíferos, primordial no noso desenvolvemento e na nosa columna vertebral. En 1995 recibiu o Nobel de Fisioloxía e Medicina.



Elinor OSTROM

(*Los Ángeles, 1933*)

É unha das estudosas máis importantes na área de recursos compartidos ou bens comúns, especialmente as súas investigacións respecto a como os seres humanos interactúan co fin de manter a longo prazo os niveis de produción de recursos comúns como bosques e recursos hidrolóxicos, incluíndo pesca e sistemas de irrigación, áreas de pasteiros, ... Foi a primeira muller en obter o Premio Nobel en economía



Edna PAISANO

(*Nez Percé, Sweetwater, Idaho, 1948*)

Estudo en Washington traballo social. Ofrecerónlle un posto de traballo na oficina do censo dos Estados Unidos en temas relacionados cos indios americanos de Alaska. Empregou as técnicas estatísticas máis modernas para mellorar os sistema de censo, e no ano 1980 decatouse de que non se tivera en conta a poboación india en algúns lugares xeográficos.



Ada YONATH

(*Jerusalem, 1939*)

Cristalógrafa pioneira en investigacións sobre a estrutura dos ribosomas, grazas ás cales desenvolveu un método para facilitar o estudo de cristalografías en estruturas biolóxicas. Dirixe o Centro de estrutura Biomolecular Helen e Milton A. Kimmelman.



Jocelyn BELL BURNELL

(*Irlanda do Norte, 1943*)

Nesta traballou con Hewish Detectou un pequeno patrón nos rexistros das lecturas que seguía polo ceo, coas estrelas. Denominouno temporalmente LGM1, Homíño verde 1. Tamén na Universidade de Southampton, a University College de Londres. Obtivo numerosos premios como a medalla Milchelson do instituto Franklin.



Francoise BARRÉ-SINOUSSE

(*París, 1947*)

Inmunóloga galardoada co premio Nobel de Medicina (2008), que compartiu con Luc Montagnier polas súas investigacións sobre o VIH e Harald zur Hausen polo descubrimento "do papilomavirus humano que provoca o cancro de colo de útero".



Niki de SAINT-PHALLE

(*Hauts de Seine, 1930 - San Diego, 2002*)

Esta representante do movemento 'pop-art' chegou ao cumio da gloria nos anos 60, coas súas famosas figuras femininas multicolores en poliéster. Durante a súa vida Niki de Saint Phalle foi considerada como unha artista franco-norteamericana (a súa nai era de Estados Unidos), a pesar de que permaneceu casada durante 40 anos co suízo Jean Tinguely. Traballou a miúdo con el e, ao converterse na súa esposa, en 1971, adquiriu a nacionalidade suíza.



Bridget RILEY

(*Norwood, 1931*)

Figura destacada dentro do movemento artístico do Op Art creó complexas configuracións de formas abstractas deseñadas para producir efectos ópticos rechamantes. A súa importancia débese, sobre todo, á súa contribución ao desenvolvemento do Op Art. Ademais de influir no traballo de artistas doutros países, tivo diferentes axudantes que completaron moitas das súas pinturas seguindo os seus deseños e instrucións. Este feito fai fincapé en que, o elemento conceptual do seu traballo chega a ser máis importante que a calidade individual da súa execución.



Louise BOURGEOIS

(*París, 1911 - New York, 2010*)

As súas esculturas monumentais de arañas, construcións oníricas, son un dos exemplos máis coñecidos. Toda a súa produción xira en torno ás máis intimas emocións provocadas polos recordos da súa infancia, por iso sitúase sempre en espazos domésticos cheos de obxectos que son ao mesmo tempo realidade e metáfora daquilo que non se pode dicir. Na década dos noventa o seu traballo inténase no campo da instalación artística e énchese de símbolos.



Kiki SMITH

(*Nuremberg, 1954*)


A súa obra caracterízase por unha reflexión constante sobre a existencia humana e sobre a vida e a morte. Utiliza materiais diversos como o papel tibetano, colgado directamente na parede sen marco, cristais pintados ou pinturas sobre vidro, esculturas de porcelana, xeso, bronce ou aluminio, cera, silicona, plexiglás, terracota, relevos, gravados, colaxes, debuxos e obxectos de papel maché ou tecidos a man, materiais cos que evita calquera confusión entre o feito a man, o artesanal e o realizado pola máquina.



Silvana MANGANO

(*Roma, 1930 - Madrid, 1989*)

Atriz italiana cuxa sensualidade favoreceu a súa chegada ao star system a finais dos anos 40. Estudou ballet na academia romana de Zhia Ruskaya e comezou a traballar como modelo na súa adolescencia. Tras gañar o concurso de beleza Miss Roma, debutou no cine no ano 1946.



Elizabeth TAYLOR

(*Londres, 1932 - Los Ángeles, 2011*)

Atriz inglesa que desenvolveu a súa carreira no cine, en Estados Unidos, aínda que traballou tamén de xeito máis ocasional en teatro e televisión. Entre os seus múltiples premios gañou tres Premios Óscar (un deles honorífico), cinco Globos de Ouro, tres premios BAFTA británicos e o David de Donatello.



Brigitte BARDOT

(*París, 1934*)

Unha das sex symbols máis importantes no cine durante as décadas dos 50 e 60. Dende a súa adolescencia e tras estudar ballet no Conservatorio Nacional de Danza, Brigitte traballou como modelo ata que o seu físico logrou chamar a atención dos produtores e directores cinematográficos galos, debutando na pantalla en 1952 coa película "Le Trou Normand".



Annie LEIBOVITZ

(*Waterbury, 1949*)

Annie Leibovitz recibiu clases nocturnas de fotografía mentres estudaba pintura no San Francisco Art Institute. Realizou algunhas das imaxes máis memorables e icónicas dos últimos 30 anos, tanto a partir do seu traballo con Rolling Stone coma a través dos seus retratos de cobertura de Hollywood en Vanity Fair. También gravou os horrores da guerra en Ruanda e Saraievo e tomou fotografías íntimas dos seus propios amigos e familiares.

COA COLABORACIÓN DO ALUMNADO:

Pedagogía da Expresión Musical de 4º de Educación Infantil, profesora **Rocío CHAO FERNÁNDEZ**, Matemáticas na Vida de 4º de Educación Infantil, profesora **Mª Dorinda MATO VÁZQUEZ** e Didáctica da Expresión Plástica 3º de Educación Infantil, profesores **José Mª MESÍAS LEMA** e **Roberto SUÁREZ BRANDARIZ**

Actualidade II

15/15

**Herta MÜLLER***(Nitzkydorf, Rumanía, 1953)*


É un dos valores máis importantes da literatura romanesa en lingua alemá. Destaca polos seus relatos sobre as duras condicións de vida en Romanía. Con *Drückender Tango* (1984) acadou o éxito en Alemaña e Austria. Entre os seus galardóns salientar o premio Aspekte (1984), o Ricarda Huch (1987), o Roswitha von Gandersheim (1990), o Franz Kafka (1999), o Würth (2006), e o Nobel da Literatura (2009).

**Gong JI-YOUNG***(Seúl, 1963)*

Proífica autora surcoreana crítica ante os problemas sociais como a desigualdade, a discriminación e o sexismo. A maioría das súas novelas foron adaptadas ao cine, no seu país. Ademais dun grande éxito entre o público, ten o recoñecemento unánime da crítica de China, Thailandia e Xapón. Galardoadada con premios literarios como Yisang, Século XXI, Mellor Novela Coreana e Oh-Young-sook. Con *Os nosos tempos felices* logrou o Premio Especial de Comunicación de Amnistía Internacional.

**Chen YI***(Guangzhou, 1953)*

Con tres anos iniciou os seus estudos musicais. Compuxo o primeiro concerto para viola de China (1983). En 1986 recibiu o Master en Composición, sendo a primeira muller chinesa en obter este título. En 1993 doutorouse en Artes Musicais e en 1998 foi nomeada Profesora Distinguida de Composición.

**Ainhoa ARTETA***(Tolosa, 1964)*

Iniciou a súa formación musical no Conservatorio de San Sebastián. En 1990 tivo o seu debut operístico en EEUU, onde comezou un percorrido polos mellores teatros do mundo. A súa traxectoria profesional foi merecedora de numerosos premios como por exemplo o Premio da Hispanic Society of America.

**Inma SHARA***(Amurrio, 1972)*

É unha das poucas mulleres que destacaron no ámbito da dirección orquestral. Dirixiu as orquestras sinfónicas españolas máis importantes e realizou colaboracións con algunhas das mellores do mundo. Recibiu o premio á Excelencia Europea pola súa proxección internacional e a súa achega á música clásica.

**Carme PINÓS***(Barcelona, 1954)*

Foi titulada pola Escola Técnica Superior de Arquitectura de Barcelona. En 1982 fundou un estudo de arquitectura coa súa parella pero en 1991 decide construír o seu propio estudo tras divorciarse dela. No ano 2012, debido á forte crise económica decide crear unha serie de mobles de deseño.

**Kazuyo SEJIMA***(Ibary, 1956)*

Graduouse en Arquitectura na Universidade de Mulleres de Xapón en 1981. Nese momento empezou a traballar no estudo Toyo Ito & Associates, cun dos arquitectos máis prestixiosos do país. En 1987 fundou o seu propio estudo. En 1995 da un salto internacional fundando xunto con Ryue Nishizawa SANAA en Tokyo.

**Benedetta TAGLIABUE***(Milán, 1963)*

Graduouse no Instituto Universitario de Arquitectura de Venecia coa máxima cualificación. En Nova York realizou unha tese no ano que obtivo o 1º premio no concurso Bial Mozos de Barcelona en 1991. Xunto con Enric Miralles formou o estudo EMTB, que posteriormente pasou a dirixir debido á morte de Miralles.

**Linda BUK***(Seattle, 1947)*

É unha bióloga, médica e profesora estadounidense coñecida polo seu traballo sobre o sistema olfactivo. Doutorouse en Inmunoloxía no ano 1980 e en 2004 obtivo o Premio Nobel en Fisioloxía e Medicina polos seus traballos sobre os receptores olfatorios. Dende ese ano traballa no Departamento de Neurobioloxía da Universidade Harvard e no Centro Fred Hutchinson, en Boston. O tema da súa investigación baseouse en como as feromonas e os olores se detectan no nariz e se interpretan no cerebro.

**Ellen OCHOA***(Los Ángeles, 1958)*

Estudante de doutorado en Stanford, investigadora no Centro Nacional de Laboratorios en Sandia e na NASA, investigou os sistemas ópticos para procesar información. Como xefe do Intelligent Systems Technology Branch, supervisou 35 enxeñeiros e científicos na investigación e no desenvolvemento dos sistemas de cómputo para as misións aeroespaciais. Converteuse en astronauta en xullo de 1991 e realizou catro voos espaciais, rexistrando 978 horas no espazo. En xaneiro de 2013 foi nomeada directora do Centro Espacial Lyndon B. Johnson.

**Elizabeth HELEN BLACKBURN***(Tasmania, 1948)*

En 1984 descubriu a encima telomerasa, que forma os telómeros durante a duplicación do ADN e pauta a vida das células. En 2001 ingresou na Comisión de bioética dos EE.UU., pero tres anos máis tarde deixou o posto polos seus desencontros coas restricións de George Bush.

**Fan CHENG***(Taiwan, 1949)*

Traballou nas áreas de teoría de grafos espectrais, teoría de grafos extremas e azar gráfico. No ano 1974 obtivo o seu doutorado na Universidade de Pennsylvania e en 1988 uniuse como profesora de Matemáticas e profesora de Ciencias da Computación e Enxeñería na Universidade de California. En 1990 gañou o Premio Allendoefer.

**Carolyn WIDNEY GREIDER***(San Diego, 1961)*

En 1984 descubriu xunto a Elizabeth Blackburn a encima telomerasa, que forma os telómeros durante a duplicación do ADN e pauta a vida das células. Foi recoñecida polo seu traballo con numerosos premios, entre os que cabe destacar o Premio Nobel de Medicina no ano 2009 ou Premio Albert Lasker.

**Margaret J. GELLER***(Ithaca, 1947)*

Astrónoma norteamericana interesada en facer mapas acerca da distribución da materia escura no universo e do halo da nosa galaxia, a Vía Láctea. Quería entender o enlace entre a historia da nosa Galaxia e a do Universo e facer mapas de acios de galaxias para saber como se desenvolveron os devanditos sistemas. Tamén se interesou por interpretar a formación de estrelas e os enlace entre elas e o seu ambiente.

**Rebecca HORN***(Michelstadt, 1944)*

É unha artista de instalacións alemá famosa sobre todo polas súas modificacións de corpo como *Einhorn* (Unicorne), un traxe corporal cun gran corno que se proxecta verticalmente dende o casco, e *Pencil Mask*, un arnés para a cabeza con moitos lapis proxectándose cara a fóra.

**Susan ROTHENBERG***(Buffalo, New York, 1945)*

Nos seus primeiros anos en SoHo traballou a súa relación coa paisaxe do deserto de Novo México. Ademais das súas pinturas de cabalos máis temperáns, tomou numerosas formas como tema. Estes inclúen as figuras do baile, cabezas e corpos, animais, e paisaxes.

**Marina ABRAMOVIC***(Belgrado, 1946)*

Descríbiuse como a "Avoa da arte da performance", mostra escénica na que a provocación ou o asombro, así como o sentido da estética, xogan un papel principal. O seu traballo explora a relación entre o artista e a audiencia, os límites do corpo, e as posibilidades da mente.

**Cristina IGLESIAS***(San Sebastián, 1956)*

Pertencente a unha xeración de artistas que, dende a década dos 80, transformou o concepto de escultura no ámbito das instalacións, as súas obras reflicten un vocabulario estético baseado no emprego de diferentes materiais (formigón, alabastro, resina, ferro, cristal ás veces combinados con motivos vexetais como bambú e a hojarasca) e diferentes técnicas (baixorrelieve, tapiz ou serigrafía en gran formato, sobre seda e cobre), e de delatan o interese da artista polo espazo, arquitectura, a literatura e a xeoloxía.

**Glenn Close***(Grenwich, 1947)*

É unha actriz e cantante ocasional, moi coñecida polas súas interpretacións de "muller fatal" en películas como Atracción fatal (1987), Las amigas perigosas (1988), 101 dálmatas: Máis vivos que nunca! (1996) e a súa secuela 102 dálmatas (2000), así como o seu papel na serie Daños e prexuízos (2007-2012).

**Jessica LANGE***(Minnesotta, 1949)*

Estudou Arte na Universidade de Minnesota e alí perdeu a cabeza polo movemento hippy. Trasládase a París onde estudou mimo durante dous anos e recibe unha breve formación de bailarina na Ópera Cómica da capital francesa. Unha das súas películas máis significativas foi o remake de "O carteiro sempre chama dúas veces"

**Meryl STREEP***(New Jersey, 1949)*

É considerada como unha de «as mellores actrices de todos os tempos». Debutou no cine cun pequeno papel na fita *Julia* (1977), pero destacou polo tecnicismo, a solidez, a ampla expresividade e os distintos dialectos que lle impregnou aos seus personaxes. Nominada en 17 ocasións os Oscars.

**Isabel ESTEVA HERNÁNDEZ, "COLITA"***(Barcelona, 1940)*

Trasládase un ano a París, para estudar Civilización Francesa na Universidade da Sorbona. Á súa volta a Barcelona, coñece os fotógrafos Oriol Maspons, Julio Ubiña e Xavier Miserachs, dos cales aprende o "oficio" e se profesionalizar como fotógrafa. Durante a transición democrática colabora con *Interview*.

**Isabel MUÑOZ***(Barcelona, 1951)*

As súas fotografías, case sempre en branco e negro, son un estudo humano mostrando partes do corpo, imaxes de guerreiros, toureiros ou bailarinas, usando un proceso minucioso e artesanal de revelado: Todas as fotografías son contactos de gran formato, realizados pola artista directamente do negativo.

**Ouka LELE***(Madrid, 1957)*

É o nome artístico de Bárbara Allende Gil de Biedma. Foi unha das protagonistas principais da Movida madrileña de comezos da década de 1980. De formación autodidacta, destacan as súas características fotografías en branco e negro coloreadas e os seus gravados. Premio Nacional de Fotografía en 2005.

COA COLABORACIÓN DO ALUMNADO:

Pedagoxía da Expresión Musical de 4º de Educación Infantil, profesora **Rocío CHAO FERNÁNDEZ**, Matemáticas na Vida de 4º de Educación Infantil, profesora **Mª Dorinda MATO VÁZQUEZ** e Didáctica da Expresión Plástica 3º de Educación Infantil, profesores **José Mª MESÍAS LEMA** e **Roberto SUÁREZ BRANDARIZ**